

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15011336	CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao	Ordes	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias da Natureza	3º Pri.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
6. Medidas de atención á diversidade	19
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	21
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	21
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	22
9. Outros apartados	22

1. Introducción

O contexto escolar no que se vai desenvolver esta programación é o CEIP ADR CASTELAO que está ubicado no núcleo urbano da vila de Ordes, moi preto dos accesos á autoestrada. A pesares de non estar no centro da vila, o colexio está moi ben comunicado.

A poboación do noso Centro é de clase media baixa, cunha porcentaxe considerablemente menor da clase media e alta. Conflúen no noso centro alumnado do núcleo urbano da vila de Ordes e alumnado pertencente ás zonas rurais das distintas parroquias do Concello de Ordes.

As profesións dominantes son obreiros, empregados comerciais, empregados da confección, persoas adicadas á agricultura e gandería e, en menor medida, profesionais liberais, funcionarios.... En xeral as familias móstranse colaboradoras coa escola.

Temos un número importante de inmigrantes, sobre todo de Marrocos. Nos dous últimos anos, houbo un aumento de alumnos/as procedentes de Venezuela e Brasil.

Os alumnos aos que vai dirixida esta programación cursan 3º nivel de EP (2º ciclo), con idades comprendidas entre os 8 e 9 anos, son un total de 56 distribuídos en tres aulas de 19, 19 e 18 alumnos, respectivamente con distintas necesidades de aprendizaxe.

A área de Ciencias da Natureza concíbese como un ámbito cuxo obxectivo principal é que as nenas e os nenos cheguen a ser persoas activas, responsables e respectuosas co mundo en que viven, adquirindo os coñecementos esenciais e os principios básicos do medio natural para que poidan construír un mundo máis solidario, xusto, igualitario e sustentable.

As ciencias naturais supoñen, polo tanto, comprender a ciencia como un proceso de investigación, a través da observación sistemática, a medición, a experimentación e a formulación de hipóteses, como base do método científico e eixe central da materia, intentando así dar resposta aos principais problemas dunha sociedade globalizada, tendo en conta o rápido desenvolvemento e progreso científico-tecnolóxico. Para iso, o alumnado debe adquirir conceptos, destrezas e actitudes relacionadas co coñecemento e a organización dos seres vivos, a materia, as forzas e as formas de enerxía, así como co funcionamento do corpo humano, para abordar a importancia do coidado da saúde e o benestar emocional, o respecto cara aos seres vivos e á súa contorna a favor da consecución e do mantemento dos obxectivos de desenvolvemento sustentable.

Por outra banda, a dixitalización das contornas de aprendizaxe fai preciso que o alumnado faga un uso seguro, eficaz e responsable da tecnoloxía, que, xunto coa promoción do espírito emprendedor e o desenvolvemento das destrezas e técnicas básicas do proceso tecnolóxico, facilitarán a realización de proxectos interdisciplinares cooperativos nos cales se resolva un problema ou se dea resposta a unha necesidade da contorna próxima, de modo que o alumnado poida achegar solucións creativas e innovadoras a través do desenvolvemento dun prototipo final con valor ecosocial.

Ao longo de toda a etapa partírase do desenvolvemento cognitivo e emocional do alumnado, achegándoo ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas, da procura de información de diferentes fontes seguras e fiables, así como da realización de experimentos sobre investigacións relacionadas cos distintos elementos naturais, favorecendo a realización de tarefas de aprendizaxe integradas e contextualizadas que permitan a utilización tanto do pensamento lóxico como do pensamento lateral.

A área de Ciencias da Natureza estrutúrase en catro bloques de contidos que deberán aplicarse en diferentes contextos reais para favorecer unha aprendizaxe holística e competencial do alumnado

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX2 - Coñecer e tomar conciencia do propio corpo, así como das emocións e sentimentos propios e alleos, aplicando o coñecemento científico, para desenvolver hábitos saudables e para conseguir o benestar físico, emocional e social.			5		1-2-3	3		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, analizando a súa organización e propiedades, e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o seu valor, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede, e para reelaborar e crear contido dixital de acordo coas necesidades dixitais do contexto educativo.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX6 - Resolver problemas a través de proxectos de deseño e da aplicación do pensamento computacional, para xerar cooperativamente un produto creativo e innovador que responda a necesidades concretas.			3-4	5	3-4-5		1-3	4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O PLANETA DA VIDA	<p>Nesta unidade, preténdese que os nenos e as nenas profunden no coñecemento do noso planeta, prestando atención á diversidade da vida na Terra. Exporanse se o noso planeta é o único coñecido no que existen seres vivos que dependen uns doutros. Valoraranse as cualidades dos distintos seres vivos e as posibilidades que ofrecen para a relación coa contorna. Os principais contidos son:</p> <p>As funcións vitais dos seres vivos. A célula. Seres unicelulares e pluricelulares. Os cinco reinos: características e clasificación. Os fungos: fungos con cogomelo, fermentos e mofo. Os protistas: protozoos e algas. As bacterias.</p>	15	18	X		
2	UNHA GRAN VARIEDADE DE ANIMAIIS	<p>Nesta unidade, ponse o foco nas especies animais que están ameazadas e nas propostas e accións que se poden realizar para protexelas. Desde a empatía, lánzanse cuestións que permiten ao alumnado reflexionar acerca dos seus propios coñecementos e experiencias sobre o mundo animal. Traballarase sobre as funcións vitais dos animais e sobre a súa clasificación, suscitando a curiosidade do alumnado mediante a práctica, e subliñando a importancia da ecodependencia entre os seres vivos a través das diferentes tarefas e actividades. Os principais coantidos son:</p> <p>As funcións vitais dos animais. Clasificación dos animais segundo o tipo de alimentación, de respiración e de reprodución. Animais vertebrados. Características e grupos. Animais invertebrados. Características e grupos. A importancia dos animais para o medio</p>	20	18	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	UNHA GRAN VARIEDADE DE ANIMAIS	ambiente e para as persoas.	20	18	X		
3	A VIDA DAS PLANTAS	Ao longo desta unidade sinálase a ruta que permite ao alumnado introducirse no estudo e o respecto da contorna natural e, nesa liña, do coidado e da valoración da importancia das plantas. A partir das experiencias e os coñecementos propios, suscítase a formulación de preguntas por parte dos nenos e as nenas, que servirán de punto de partida para desenvolver as actividades. Os principais contidos son:	20	18		X	
4	A VIDA NOS ECOSISTEMAS	Esta unidade pon o foco no feito de que o planeta é o fogar de moitos seres vivos que establecen relacións entre si. A partir das preguntas expostas, o alumnado ten a oportunidade de expresar relacións entre as súas experiencias e coñecementos previos sobre os espazos naturais e sobre os animais. Prestarase atención á importancia e o valor das relacións de ecodpendencia, ao impacto negativo da acción humana sobre elas, e á necesidade urxente de protexelas e coidalas, promovendo medidas para iso.	15	18		X	
5	DE QUE ESTÁN FEITAS AS COUSAS?	Nesta unidade sitúase o alumnado nunha situación familiar e divertida da súa contorna: facer bonecos de neve que despois se derreten co sol. A partir desta imaxe, mótvase a reflexión sobre os efectos da calor e a importancia das maneiras de produci-lo para a vida das persoas. As preguntas propostas ofrecen a posibilidade de expor relacións entre os contidos que estudarán na unidade e as súas propias experiencias e coñecementos sobre os materiais e os cambios de estado da materia.	15	17			X
6	OS ORDENADORES NA NOSA VIDA	Nesta unidade, pártese da reflexión sobre a presenza das máquinas, e máis concretamente dos ordenadores, na vida das persoas. Faise un repaso das tarefas que realizan, de como facilitan o traballo e a vida diaria das persoas, pero tamén da necesidade de contemplar unha serie de hábitos saudables en relación con estes dispositivos. A formulación que se fai na unidade é espertar a capacidade crítica e o autocontrol dos estudantes para que empecen a albiscar o que os ordenadores ofrecen e á vez teñan presente a parte menos positiva do uso destas máquinas.	15	16			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O PLANETA DA VIDA	18

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Coñecer os diferentes reinos da natureza diferenciando e agrupando as súas principais características.	PE	60
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar e seleccionar información básica respondendo a preguntas, facendo as súas investigacións. e adquirindo un léxico científico básico.	TI	40
CA1.4 - Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar e presentar a través de distintos formatos os resultados das investigacións facéndoo de maneira limpa e organizada e seguindo as instrucións indicadas.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de maneira segura buscando información, identificando a máis importante relacionada co tema tratado e creando contidos dixitais sinxelos.		
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Participar en diversas tarefas grupais, respectando as normas de convivencia e a os distintos puntos de vista e opinións e tendo unha mantendo unha actitude positiva de cara ao traballo que se realiza.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación, rexistrando os seus resultados. - Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - Os reinos da natureza desde unha perspectiva xeral e integrada. Utilización de claves e guías para clasificar e identificar os diferentes reinos a través das súas características observables. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Procuras guiadas de información seguras e eficientes en Internet.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Tratamento e elaboración de textos sinxelos para comunicar información (título, formato, edición, gardar arquivo e compartir a través de plataformas dixitais). - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Identificación e selección dos materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a elaboración dun proxecto. - Técnicas cooperativas sinxelas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

UD	Título da UD	Duración
2	UNHA GRAN VARIEDADE DE ANIMAIS	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar distintos tipos de animais segundo o seu aparato locomotor, a alimentación a reprodución,... ; diferenciando as súas características , recoñecendo os beneficios e prexuízos dalgúns utilizando diferentes metodoloxías de indagación. Diferenciar tipos de animais e as clasificándoos e	PE	60
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio de maneira guiada e a través da observación.	TI	40
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar e seleccionar información básica respondendo a preguntas, facendo as súas investigacións. e adquirindo un léxico científico básico facendo unha presentación limpa e organizada.		
CA1.3 - Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura, realizando observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente.	Realizar experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos sinxelos de maneira limpa e organizada.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de maneira segura buscando información, identificando a máis importante relacionada co tema tratado e creando contidos dixitais sinxelos.		
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Participar en diversas tarefas grupais, respectando as normas de convivencia e a os distintos puntos de vista e opinións e tendo unha mantendo unha actitude positiva de cara ao traballo que se realiza.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo. - Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico. - Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación, rexistrando os seus resultados. - Características e clasificación de animais vertebrados e invertebrados. Observación e comparación das diversas formas nas que realizan as funcións vitais. - Valoración da biodiversidade e importancia da súa conservación. Respecto polos seres vivos da contorna. Animais en perigo de extinción. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Procuras guiadas de información seguras e eficientes en Internet. - Tratamento e elaboración de textos sinxelos para comunicar información (título, formato, edición, gardar arquivo e compartir a través de plataformas dixitais). - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Identificación e selección dos materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a elaboración dun proxecto. - Técnicas cooperativas sinxelas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

UD	Título da UD	Duración
3	A VIDA DAS PLANTAS	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar as características, propiedades e partes das plantas fixándose na súa forma en que realiza as funcións vitais, recoñecendo a súa importancia para as persoas e empregando diferentes metodoloxías de indagación.	PE	60

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio de maneira guiada e a través da observación.	TI	40
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar e seleccionar información básica respondendo a preguntas, facendo as súas investigacións e adquirindo un léxico científico básico presentándoo de maneira limpa e organizada segundo as indicacións dadas.		
CA1.3 - Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura, realizando observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente.	Realizar experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos sinxelos de maneira limpa e organizada.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de maneira segura buscando información, identificando a máis importante relacionada co tema tratado e creando contidos dixitais sinxelos.		
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Participar en diversas tarefas grupais, respectando as normas de convivencia e a os distintos puntos de vista e opinións e tendo unha mantendo unha actitude positiva de cara ao traballo que se realiza.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo. - Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico. - Clasificación das plantas a través das súas características observables. Análise, a través da experimentación, da súa capacidade de adaptación ao medio no que viven e realizan as funcións vitais. - Valoración da biodiversidade e importancia da súa conservación. Respecto polos seres vivos da contorna. Animais en perigo de extinción. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Procuras guiadas de información seguras e eficientes en Internet. - Tratamento e elaboración de textos sinxelos para comunicar información (título, formato, edición, gardar arquivo e compartir a través de plataformas dixitais). - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Identificación e selección dos materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a elaboración dun proxecto. - Técnicas cooperativas sinxelas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de

Contidos
- condutas empáticas e inclusivas.

UD	Título da UD	Duración
4	A VIDA NOS ECOSISTEMAS	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural mostrando comprensión das relacións que se establecen nel.	Coñecer que é un ecosistemas e identificar as conexións sinxelas que se prodencen entre os diferentes elementos do medio natural interpretando, de forma guiada, as relacións que se establecen nel.	PE	60
CA2.3 - Coñecer e protexer o medio natural, valorándoo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Coñecer diferentes formas de protexer o medio natural, valorándoo como un ben común adoptando condutas respectuosas		
CA3.5 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica hábitos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Identificar problemas ecosociais e propoñer comportamentos respectuosos de coidado e de protección da contorna expresando os positivos e os negativos causados pola acción humana no medio.		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Formular preguntas realizando predicións razoadas de forma guiada e a través da observación.	TI	40
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar e seleccionar información básica de diferentes fontes respondendo a preguntas, facendo as súas investigacións, adquirindo un léxico científico básico e coidando a presentación dos resultados.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de maneira segura buscando información, identificando a máis importante relacionada co tema tratado e creando contidos dixitais sinxelos.		
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Participar en diversas tarefas grupais, respectando as normas de convivencia e a os distintos puntos de vista e opinións e tendo unha mantendo unha actitude positiva de cara ao traballo que se realiza.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses.
- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.
- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo.
- Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico.
- Identificación dun ecosistema e dos elementos que o compoñen. Observación dun ecosistema próximo recollendo datos en diferentes soportes e elaborando hipóteses de forma guiada.
- Relación do ser humano cos ecosistemas. Exemplos de bos e malos usos dos recursos naturais do noso planeta e das súas consecuencias.
- Valoración da biodiversidade e importancia da súa conservación. Respecto polos seres vivos da contorna. Animais en perigo de extinción.
- Uso responsable dos recursos naturais do planeta. Impacto ambiental: contaminación e residuos.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:
- Procuras guiadas de información seguras e eficientes en Internet.
- Tratamento e elaboración de textos sinxelos para comunicar información (título, formato, edición, gardar arquivo e compartir a través de plataformas dixitais).
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
- Identificación e selección dos materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a elaboración dun proxecto.
- Técnicas cooperativas sinxelas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

UD	Título da UD	Duración
5	DE QUE ESTÁN FEITAS AS COUSAS?	17

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar as propiedades e características da materia e dos materiais observando, realizando táboas e clasificacións e contestando preguntas sinxelas.	PE	60
CA3.2 - Coñecer diferentes formas e fontes de enerxía, identificando os seus usos na vida cotiá.	Coñecer diferentes formas e fontes de enerxía, identificándoos cos usos da vida cotiá.		
CA3.3 - Recoñecer a través de pequenas investigacións diferentes formas de produción da calor e dos seus efectos sobre os corpos.	Identificar as diferentes formas de produción da calor e a transmisión da mesma observando, investigando e experimentando cos obxectos e cos cambios de estado.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Analizar os efectos das forzas sobre determinados obxectos de uso común, realizando experiencias sinxelas e pequenas investigacións con máquinas e aparellos.	Observar e analizar os efectos das forzas sobre determinados obxectos de uso común identificando as consecuencias que se producen.		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Formular preguntas realizando predicións razoadas de forma guiada e a través da observación.	TI	40
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar e seleccionar información básica de diferentes fontes respondendo a preguntas, facendo as súas investigacións, adquirindo un léxico científico básico e cuidando a presentación dos resultados.		
CA1.4 - Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar e presentar a través de distintos formatos os resultados das investigacións, facéndoo de maneira limpa e organizada e seguindo as instrucións indicadas con anterioridade.		
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Participa en tarefas en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo. - Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico. - Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación, rexistrando os seus resultados. - Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - Identificación dos estados nos que se presenta a materia na nosa contorna. Cambios de estado da auga. - Fontes de enerxía renovables e non renovables. - A calor e as súas formas de produción. Cambios de estado e instrumentos de medida. Efectos da calor sobre a materia a través da experimentación. - Propiedades das máquinas simples, a súa observación e manipulación. Aplicacións e usos na vida cotiá. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: <ul style="list-style-type: none"> - Identificación e selección dos materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a elaboración dun proxecto. - Técnicas cooperativas sinxelas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de

Contidos
- condutas empáticas e inclusivas.

UD	Título da UD	Duración
6	OS ORDENADORES NA NOSA VIDA	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Coñecer algúns dispositivos e recursos dixitais, identificar as súas partes, as súas funcións e usos, recoñecendo os seus beneficios e riscos máis destacados.	PE	60
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar e seleccionar información básica de diferentes fontes respondendo a preguntas, facendo as súas investigacións, adquirindo un léxico científico básico e coidando a presentación dos resultados.	TI	40
CA4.2 - Construír en equipo un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, propoñendo posibles solucións, probando diferentes prototipos e utilizando de forma segura as ferramentas, técnicas e materiais adecuados.	Construír en equipo un produto final sinxelo de forma guiada, empregando de maneira segura as ferramentas, técnicas e materiais máis adecuados.		
CA4.3 - Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos explicando os pasos seguidos.	Presentar o seu produto final utilizando diferentes formatos con axuda dun guión.		
CA4.4 - Resolver, de forma guiada, problemas sinxelos de programación, modificando algoritmos de acordo con principios básicos do pensamento computacional.	Resolver problemas sinxelos de programación de forma guiada modificando un formato dado.		
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Participar en diversas tarefas grupais, respectando as normas de convivencia e a os distintos puntos de vista e opinións e tendo unha mantendo unha actitude positiva de cara ao traballo que se realiza.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico.

Contidos

- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:
- Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo.
- Procuras guiadas de información seguras e eficientes en Internet.
- Tratamento e elaboración de textos sinxelos para comunicar información (título, formato, edición, gardar arquivo e compartir a través de plataformas dixitais).
- Coñecemento das regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet.
- Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto.
- Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, acceso a contidos inadecuados, publicidade e mensaxes non desexadas?) e estratexias de actuación.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
- Identificación e selección dos materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a elaboración dun proxecto.
- Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e proba, avaliación e comunicación.
- Iniciación á programación. Recursos dixitais (plataformas dixitais de iniciación á programación, aplicacións de programación por bloques, robótica educativa...).
- Vocabulario básico do ámbito tecnolóxico.
- Técnicas cooperativas sinxelas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Partiremos de situacións auténticas de aprendizaxe, que provoquen e motiven, dándolle un sentido a cada tema desde un punto de vista funcional e de aplicación, xustificando así a necesidade de aprender uns coñecementos que logo se van aplicar, deixando aberta a posibilidade de que o alumnado achegue, por exemplo, a súa creatividade, tome decisións ou asuma roles durante o proceso. Será unha aprendizaxe vivencial na que se facilita a participación directa e activa dos que interveñen, aplicando o que se está aprendendo en cada unha das seccións do tema a situacións onde se producen os problemas ou retos que hai que resolver. Desta forma, a aprendizaxe faise significativa por parte do alumnado porque pode experimentar, sentir, pensar e actuar ao mesmo tempo. Integra a investigación, sendo o libro e o material complementario dixital os primeiros recursos para a indagación e a busca de información.

Fomentárase especialmente unha metodoloxía centrada na actividade e na participación do alumnado, estimulando a reflexión e o pensamento crítico. As actividades e tarefas consideradas e suxeridas serán variadas, conterán propósitos e interrogantes para favorecer o desenvolvemento de estratexias de pensamento que lle permita ao alumnado adquirir os coñecementos e comprendelos para avanzar neles desde a súa análise e aplicación en contextos diversos, xerando aprendizaxes profundas transferibles a outras situacións do ámbito académico, persoal, familiar e social, formulando hipóteses, achegando valoración e xuízo crítico, e contribuíndo a crear coñecemento. A aprendizaxe debe desenvolver unha variedade de procesos cognitivos. O alumnado debe ser quen de poñer en práctica un amplo repertorio de procesos, tales como identificar, analizar, recoñecer, asociar, reflexionar, razoar, deducir, inducir, decidir, explicar, crear, etc., evitando que as situacións de aprendizaxe se centren tan só no desenvolvemento dalgúns deles.

As estratexias para o desenvolvemento do pensamento (analítico, lóxico, crítico, creativo, eficaz e metacognitivo) serán as que nos axuden a aprender a pensar e as que melloren o dominio dos coñecementos, a súa aplicación e a súa transferencia. Estas estratexias desenvolven os procesos cognitivos e mostran un conxunto de pasos a seguir para orientar as formas de pensar segundo os xeitos de procesamento da información e o tipo de resposta requiridos.

Estarán presentes en cada un dos temas de xeito explícito e intencionado en actividades que, de xeito natural, lle axudarán ao alumnado a facer conscientes os pasos necesarios dos que require para armar unha reflexión, facer unha proposta ou formular unha serie de dúbidas. De igual forma potenciarase e facilitarase un proceso de reflexión do alumnado acerca das novas aprendizaxes e das relacións existentes entre eles. Deste xeito, o alumnado fará máis evidentes as aprendizaxes clave, así como as relacións entre estes novos coñecementos.

Outra das claves fundamentais a nivel metodolóxico é a presenza de actividades para que se leven a cabo de xeito cooperativo. O alumnado participará activamente no seu proceso de aprendizaxe, tamén en cooperación, aplicando estratexias de negociación, consenso, mediación, empatía e asertividade, con responsabilidade compartida e axuda mutua co resto das compañeiras e compañeiros, maximizando as súas aprendizaxes e as do resto do grupo, xerando interdependencia positiva. Traballaremos as habilidades persoais e sociais e a educación emocional, trataremos de que os alumnos/as identifiquen e recoñezan as emocións, regulándoas e xestionándoas conseguindo así experiencias de satisfacción persoal.

A nivel metodolóxico tamén se considera o emprendemento como unha das claves de acordo co que a normativa vixente nos propón arredor desta competencia. Requiritá por parte do alumnado a capacidade de análise, planificación, organización, xestión e toma de decisións; capacidade de adaptación ao cambio e resolución de problemas; comunicación, presentación, representación e negociación efectivas; habilidade para traballar, tanto individualmente coma dentro dun equipo; participación, capacidade de liderado e delegación; pensamento crítico e sentido da responsabilidade; autoconfianza, avaliación e autoavaliación, xa que é esencial determinar os puntos fortes e débiles dun mesmo e dun proxecto, así como avaliar e asumir riscos cando estea xustificado (manexo da incerteza e asunción e xestión do risco). Tamén o desenvolvemento de actitudes e valores como a predisposición a actuar dunha forma creadora e imaxinativa; o autoconhecimento e a autoestima; a autonomía ou independencia, o interese e esforzo e o espírito emprendedor. Caracterízase pola iniciativa, pola proactividade e pola innovación, tanto na vida privada e social coma na profesional. Tamén está relacionada coa motivación e coa determinación á hora de cumprir os obxectivos, xa sexa persoais ou establecidos en común con outros, incluído o ámbito laboral.

O uso das TIC é outra das claves fundamentais contempladas a nivel metodolóxico, e non só para preparar o alumnado a saber facer dentro do contexto dixital, tamén para que entenda as TIC non como un fin en si mesmas, senón como un medio para a aprendizaxe e a comunicación (TAC: tecnoloxías da aprendizaxe e da comunicación) e para o empoderamento e a participación (TEP: tecnoloxías do empoderamento e da participación). Preténdese que o alumnado sexa o protagonista da súa aprendizaxe no contexto dixital, xere contidos, que os comparta, constrúa de xeito conxunto e vaia máis alá de ser un mero observador ou consumidor. Á súa vez preséntasenos outro reto, que é procurar que todos os alumnos e alumnas adquiren as capacidades necesarias para chegar a ser competentes no manexo dixital, formulando unha metodoloxía baseada en situacións da vida cotiá e ligando o coñecemento ás experiencias e á resolución de problemas. Poñerase especial fincapé nesta finalidade, entendendo a transversalidade das tecnoloxías como ferramenta fundamental para a adquisición do resto de competencias.

Con carácter xeral, a metodoloxía debe partir da perspectiva do profesorado como orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial no alumnado. Un dos elementos fundamentais na ensinanza por competencias é espertar e manter a motivación cara á aprendizaxe no alumnado, o que implica unha nova proposta do seu papel, máis activo e autónomo, consciente de ser o responsable da súa aprendizaxe, e, a tal fin, o profesorado ha de ser capaz de xerar nel a curiosidade e a necesidade por adquirir os coñecementos, as destrezas e as actitudes e os valores presentes nas competencias.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais
Recursos materiais
Recursos dixitais

Recursos espaciais

RECURSOS PERSOAIS: Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o E.O.E. e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes.

RECURSOS MATERIAIS: Son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo a través do método científico. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), plastilina (normal e condutiva), material de laboratorio (probetas, tubos de ensaio, microscopios,...), poleas, balanzas, maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta...

RECURSOS TECNOLÓXICOS: ordenadores, robots educativos, circuitos eléctricos, pizarras dixitais, proxectores, tablets, gafas e materiais de realidade virtual, placas programables (Arduino, Makey-Makey...), Chromakey, etc.

RECURSOS DIXITAIS: entornos virtuais de aprendizaxe (EVA) ou aula virtual, enciclopedias online, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros dixitais, actividades con realidade aumentada, aplicacións para introducir ao alumnado na linguaxe da programación segundo a súa idade (ScratchJr, Scratch ou Scratux, mblock ou makeblock...), kahoot ou plickers para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

RECURSOS ESPACIAIS: a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, a aula de informática, así como os diversos espazos da contorna.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore alumnado unha vez comezado o curso ou ao inicio de cada unidade didáctica para coñecer os coñecementos previos do alumnos e saber así de onde temos que partir.. Esta avaliación levarase a cabo mediante:

A principio de curso realizaranse:

-Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información sobre os resultados académicos obtidos na materia e, de ser o caso, dos plans de reforzo.

-Recollerase información nas reunións coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar, ...

-Análise da información que aporten os titores de cursos anteriores.

- Avaliación das competencias e contidos a través de actividades como:

Pequenas probas orais ou escritas onde se observen, identifiquen e/ou describan características básicas dos elementos do medio natural que foron obxecto de traballo o curso pasado e/ou se continuarán afianzando neste curso.

Ao inicio de cada unidade os alumnos definirán de maneira oral ou escrita e coas súas palabras unha serie de termos presentado nunha nube de palabras. Ademais ,realizaranse unha serie de preguntas para facer memoria, as cales serán contestadas polos nenos de maneira oral ou escrita.

A partir desta avaliación tratarase de identificar se existen dificultades no grupo-clase ou en determinados alumnos para a elaboración das medidas oportunas tanto a nivel colectivo como individual.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	20	20	15	15	15	100
Proba escrita	60	60	60	60	60	60	60
Táboa de indicadores	40	40	40	40	40	40	40

Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno de campo, resumos, esquemas, mapas conceptuais e probas obxectivas. Os cales terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación.

As probas escritas poderán ser cambiadas ou complementadas por traballos de investigación sobre os contidos estudados no tema.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos (acabalos e entregalos en tempo), ademais do traballo no caderno de clase tendo en conta a realización de todas as actividades, a súa presentación limpa e ordenada, a ortografía, a caligrafía e o respecto das marxes e distribución dos espazos,

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula:

SUMA DA NOTA DE TODAS AS UNIDADES AVALIADAS NO TRIMESTRE/ENTRE O Nº DE UNIDADES AVALIADAS

Para o cálculo da nota de cada unidade, utilizaranse as seguintes porcentaxes:

Probas escritas: 60%

Táboas de indicadores 40%.

A cualificación da avaliación final da materia será a correspondente á terceira avaliación.

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

Poderase descontar algunha décima por cada falta de ortografía nos traballos e probas escritas ata o máximo de 1 punto.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que obteña unha valoración negativa nunha unidade ou nun trimestre deberá recuperar a materia atendendo os seguintes criterios de recuperación.

Realizará unha serie de tarefas que versarán sobre os contidos traballados que serán entregadas e avaliadas polo profesorado, ou realizará unha proba escrita ou oral sobre os contidos traballados en ditas actividades.

6. Medidas de atención á diversidade

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medidas ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias.

Así, entre as medidas ordinarias hai que ter en conta á adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado. Por outro lado, levaranse a cabo reforzos educativos con aquel profesorado con dispoñibilidade horaria, ademais de programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo. Por último, en canto as medidas ordinarias hai que destacar o programa de enriquecemento curricular para aquel alumnado con altas capacidades.

Por outra banda, entre as medidas extraordinarias podemos atopar: adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, a flexibilización no período de escolarización, así como alumnado que no poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria.

Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas, resumos, etc.
- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais...
- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.
- Diseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, aprofundando nos coñecementos adquiridos.

Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas ó medio natural (ecosistema de praia, de monte, campo), visitas a museos, exposicións, charlas formativas, etc.

Establecer colaboracións con outras institucións (concello, deputación, organizacións sen ánimo de lucro) como poden os materiais aportados por fundacións como a ONCE.

Participar en plans e programas da Consellería de Educación e outras entidades.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.				X		X
ET.3 - Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción titorial e á educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia.	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.					X	X
ET.6 - O alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas culturais	Visita a un museo, exposicións...	X	X	X
Saídas á contorna	Nas que coñeceremos os ecosistemas máis próximos.		X	
Charlas formativas	Familias, profesionais de distintos ámbitos laborais, ou outras institucións.	X	X	X
Obradoiros	Relaxación e xestión de emocións, alimentación saudable, primeiros auxilios, patios inclusivos e prácticas saudables no deporte...	X		
Conmemoracións	Recollidas no calendario escolar, como poden ser : Día Mundial da Saúde, do Medio Ambiente, dos Dereitos do Consumidor, Día Internacional da Muller,... e aquelas outras que realice o centro e que as titoras as consideren beneficiosas para o desenvolvemento dos alumnos/as.	X	X	X

Observacións:

A relación das actividades mencionadas anteriormente é unha proposta aberta e orientativa, levaranse a cabo aquelas que cada titora considere oportunas e beneficiosas para o desenvolvemento social, afectivo e cognitivo do seu alumnado.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Funcionalidade da programación.
Coherencia entre os obxectivos e os contidos.
Actividades adecuadas.
Estilo de ensinanza.
Rol do docente.
Temporalización.
Organización dos recursos materiais.
Medidas de atención á diversidade.
Motivación do alumnado.
Procedementos de avaliación.

Descrición:

Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, debemos ter en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Ditos indicadores permítenos coñecer información axeitada da nosa labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS ao finalizar cada unidade didáctica. Ademais, hai que destacar a utilización do diario de clase para o seguimento da actividade lectiva, xa que esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación. As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

Centraremos a revisión, avaliación e seguimento da programación atendendo ós seguintes aspectos:

-Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.

-O equipo docente que imparte a materia no mesmo nivel, coordinarase e analizará regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso.

-Realizarase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15011336	CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao	Ordes	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	3º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
6. Medidas de atención á diversidade	19
7.1. Concreción dos elementos transversais	20
7.2. Actividades complementarias	21
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	21
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	22
9. Outros apartados	22

1. Introducción

O contexto escolar no que se vai desenvolver esta programación é o CEIP ADR CASTELAO que está ubicado no núcleo urbano da vila de Ordes, moi preto dos accesos á autoestrada. A pesares de non estar no centro da vila, o colexio está moi ben comunicado.

A poboación do noso Centro é de clase media baixa, cunha porcentaxe considerablemente menor da clase media e alta. Conflúen no noso centro alumnado do núcleo urbano da vila de Ordes e alumnado pertencente ás zonas rurais das distintas parroquias do Concello de Ordes.

As profesións dominantes son obreiros, empregados comerciais, empregados da confección, persoas adicadas á agricultura e gandería e, en menor medida, profesionais liberais, funcionarios....

En xeral as familias mostranse colaboradoras coa escola.

Temos un número importante de inmigrantes, sobre todo de Marrocos. Nos dous últimos anos, houbo un aumento de alumnos/as procedentes de Venezuela e Brasil.

Os alumnos aos que vai dirixida esta programación cursan 3º nivel de EP (2º ciclo), con idades comprendidas entre os 8 e 9 anos, son un total de 56 distribuídos en tres aulas de 19, 19 e 18 alumnos, respectivamente.

A área de CIENCIAS SOCIAIS está deseñada co obxectivo de que as nenas e os nenos sexan activos, responsables e respectuosos coa súa contorna inmediata e afastada. O paso do tempo e a interpretación da acción humana como responsable do cambio implica que os alumnos han de adoptar un coñecemento de si mesmos e da contorna que lles rodea, adaptándose a el e sendo capaces de contribuír ao seu avance e conservación.

Isto significa tamén o recoñecemento da diversidade como riqueza multicultural, a resolución pacífica de conflitos e a aplicación crítica de mecanismos democráticos de participación cidadá, todo iso baseado na Declaración Universal dos Dereitos Humanos, na Convención sobre os Dereitos do Neno, e nos principios contidos no Estatuto de Autonomía de Galicia e na Constitución.

Os alumnos deben adquirir os coñecementos, as habilidades e as actitudes relacionadas co uso seguro de fontes fiables de información. Incidirase na educación para o respecto á diversidade, a actividade etnocultural, a cohesión social, o emprendemento, a valorización e conservación do patrimonio, e a defensa da igualdade efectiva entre mulleres e homes; en definitiva, nenas e nenos comprometidos co planeta e as persoas, que se converterán en adultos con intereses e inquietudes por preservar o medio ambiente que lles rodea.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3	2	4	1-2-3-4-5				4
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, os dereitos humanos e da infancia e os principios e valores da Constitución española e a Unión Europea, valorando a función do Estado e as súas institucións no mantemento da paz e seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Descubrimos as paisaxes.	Previamente a esta unidade trataranse algunhas nocións sobre o Sistema Solar, a Terra e os seus movementos, así como as formas que temos para representar a Terra. Nesta unidade, preténdese que o alumnado coñeza os principais elementos que definen as paisaxes. Deste xeito,	17	16	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Descubrimos as paisaxes.	<p>resultaralles máis fácil identificar os diversos factores que provocan ese desgaste paisaxístico e, á súa vez, vai favorecer a identificación correcta de medidas para corrixir os nosos hábitos e buscar solucións que mitiguen os danos.</p> <p>Os contidos a tratar son: Como é a Terra? Como son as paisaxes de montaña? Como son as paisaxes de chaira? Como son as paisaxes de costa?</p>	17	16	X		
2	Necesitamos a auga para vivir.	<p>A auga é o elemento máis importante para a vida dos seres humanos, as plantas e os animais. Con todo, as persoas tendemos a abusar deste rico elemento, causando numerosos prexuízos na nosa contorna. Nesta unidade didáctica, o alumnado vai coñecer máis a fondo contidos relacionados coas extensións de auga presentes no noso planeta e as súas características. Ao finalizar, preténdese que consigan tomar máis consciencia dos usos que facemos da auga e que recoñezan a necesidade de coidala.</p> <p>Contidos: As augas mariñas. Como son os ríos? O percorrido dun río. Outras augas.</p>	17	12	X		
3	Que importante é o aire!	<p>A contaminación do aire representa un importante risco para a saúde ambiental e, desde o colexio, temos unha posición privilexiada para transmitir, desde idades moi temperás, a necesidade de contribuír a mellorar a calidade do aire que respiramos. A relevancia do estado das capas da Terra e conceptos relacionados coa meteoroloxía son conceptos que se traballarán nesta unidade transversalmente para favorecer a comprensión da importancia do aire nas nosas vidas e a súa contextualización.</p> <p>Contidos: Como é a atmosfera? Por que chove? Que tempo vai? O tempo de cada estación.</p>	17	11		X	
4	Vivimos xuntos.	<p>O respecto aos demais, a tolerancia e a solidariedade son valores e normas sociais que se desenvolven na nosa vida en</p>	16	11		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Vivimos xuntos.	<p>sociedade. Para que o alumnado senta un compromiso real por participar na mellora da súa contorna máis próxima, é necesario que coñeza con anterioridade os elementos que o conforman e inflúen nel. Por iso, nesta unidade propóñense contidos que promoven o desenvolvemento de experiencias significativas e cotiás e fomentan esa necesaria conciencia social para coa súa localidade e outros ambientes.</p> <p>Contidos: A Comunidade Autónoma de Galicia A poboación de Galicia. Como son as aldeas e as vilas? Como son as cidades? Como se goberna a localidade? Que servizos nos dá o concello?</p>	16	11		X	
5	Cantos traballos diferentes!	<p>As profesións é un tema que está moi vinculado ao alumnado pola súa presenza na vida cotiá e influencia no seu desenvolvemento social. A estas idades gústalles imaxinar e representar simbolicamente situacións futuras, polo que, a través desta unidade e de maneira transversal, vánselles a transmitir unhas habilidades e uns valores que contribuirán no seu desenvolvemento. O principal obxectivo é facer ver ao alumnado que cada traballo representa un elo importante na cadea do funcionamento da súa contorna e que, no seu desempeño, ninguén ha de padecer ningún tipo de discriminación nin distinción.</p> <p>Contidos: Como se organizan os traballos? A pesca. Como son os traballos no campo? Que é unha fábrica? Necesitamos os servizos.</p>	17	10			X
6	Moitas cousas fálannos do pasado.	<p>Entender que o pasado é a base sobre a cal se constrúe o presente e se planifica o futuro é o obxecto principal desta unidade. A través dos contidos e das actividades multidisciplinares que se recollen nela, preténdese xerar no alumnado unha curiosidade por que investiguen e interpreten a información, aparentemente invisible, de multitude de obxectos e detalles presentes na súa cotiandade. Coñecer dunha forma máis contextualizada o concepto abstracto do tempo, apreciar as súas pegadas na actualidade e familiarizarse con temas relacionados coa</p>	16	10			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Moitas cousas fálannos do pasado.	historia son a base para a aprendizaxe nesta última unidade do curso. Contidos: Canto cambiamos! O comezo da historia da localidade. A localidade cambia co paso do tempo. O pasado e os seus testemuños.	16	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Descubrimos as paisaxes.	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías da indagación e utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar certas características e elementos das paisaxes de montaña, de chaira e de costa clasificando e usando a información axeitadamente.	PE	60
CA2.3 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica estilos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado, corresponsabilidade e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica estilos de vida sustentable, coñecendo e valorando as normas de comportamento nun parque natural.		
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de maneira segura buscando información, identificando a máis importante relacionada co tema tratado e creando contidos dixitais sinxelos.	TI	40
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Seleccionar información de distintas fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións e usando un léxico básico relacionado cos diferentes tipos de paisaxes.		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación. - Avances no pasado relacionados coa ciencia e a tecnoloxía que contribuíron a transformar a nosa sociedade mostrando modelos que incorporen unha perspectiva de xénero. - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Dispositivos e recursos dixitais de acordo con as necesidades do contexto educativo. A aula virtual - A Terra e as catástrofes naturais. Elementos, movementos e dinámicas que ocorren no universo. - Coñecemento do espazo. Representación do espazo. Representación da Terra a través do globo terráqueo, os mapas e outros recursos dixitais. Uso de planos do barrio ou da localidade, como representación gráfica de espazos. Interpretación de lendas e símbolos cartográficos elementais en mapas. - Responsabilidade ecosocial. Ecodependencia e interdependencia entre persoas, sociedades e medio natural. - Estilos de vida sustentable. O consumo e a produción responsables, a alimentación equilibrada e sustentable, o uso eficiente da auga e da enerxía, a mobilidade segura, saudable e sustentable, e a prevención e a xestión dos residuos.

UD	Título da UD	Duración
2	Necesitamos a auga para vivir.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías da indagación e utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar características das augas mariñas e doces, distinguindo os elementos propios de cada unha delas utilizando un léxico básico.	PE	60
CA2.3 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica estilos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado, corresponsabilidade e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Tomar conciencia dos usos que facemos da auga, propoñendo alternativas e solucións para aforrar auga e para evitar a súa contaminación.		
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de maneira segura buscando información, identificando a máis importante relacionada co tema tratado e creando contidos dixitais sinxelos.	TI	40
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Buscar e seleccionar información de diferentes fontes, relacionada coas augas mariñas e doces, utilizándoa en actividades e pequenos traballos de investigación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Realizar experimentos guiados utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura instrumentos e dispositivos, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Participar en experimentos guiados realizando observacións e tomando rexistro dos datos correspondentes.		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa participando respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...). - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións. - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Dispositivos e recursos dixitais de acordo con as necesidades do contexto educativo. A aula virtual - O clima e a paisaxe. Os fenómenos atmosféricos. Toma e rexistro de datos e variables meteorolóxicas (temperatura, humidade, vento, precipitacións) e a súa representación gráfica e visual: o climograma. - Coñecemento do espazo. Representación do espazo. Representación da Terra a través do globo terráqueo, os mapas e outros recursos dixitais. Uso de planos do barrio ou da localidade, como representación gráfica de espazos. Interpretación de lendas e símbolos cartográficos elementais en mapas. - Responsabilidade ecosocial. Ecodependencia e interdependencia entre persoas, sociedades e medio natural. - Estilos de vida sustentable. O consumo e a produción responsables, a alimentación equilibrada e sustentable, o uso eficiente da auga e da enerxía, a mobilidade segura, saudable e sustentable, e a prevención e a xestión dos residuos.

UD	Título da UD	Duración
3	Que importante é o aire!	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías da indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar certas características e elementos da atmosfera, coñecer que tempo vai tendo en conta o lugar no que nos atopemos e a estación do ano na que estemos.	PE	60
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Interpretar un mapa do tempo identificando algún dos símbolos que aparecen en el e establecendo conexións entre eles.		
CA2.3 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica estilos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado, corresponsabilidade e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Identificar accións que ensucian o aire, propoñer posibles solucións e poñer en práctica estilos de vida sustentable.		
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Usar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, traballando de forma individual e en equipo buscando información e dándoa a coñecer.	TI	40
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Amosar curiosidade polo que pasa na atmosfera e o tempo que fai nun determinado lugar.		
CA1.4 - Realizar experimentos guiados utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura instrumentos e dispositivos, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Realizar experimentos, utilizando diferentes técnicas de indagación sinxelas.		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa participando respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións. - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Dispositivos e recursos dixitais de acordo con as necesidades do contexto educativo. A aula virtual - O clima e a paisaxe. Os fenómenos atmosféricos. Toma e rexistro de datos e variables meteorolóxicas

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - (temperatura, humidade, vento, precipitacións) e a súa representación gráfica e visual: o climograma. - Coñecemento do espazo. Representación do espazo. Representación da Terra a través do globo terráqueo, os mapas e outros recursos dixitais. Uso de planos do barrio ou da localidade, como representación gráfica de espazos. Interpretación de lendas e símbolos cartográficos elementais en mapas. - O cambio climático. Introducción ás causas e consecuencias do cambio climático, e o seu impacto nas paisaxes da Terra. - Responsabilidade ecosocial. Ecodependencia e interdependencia entre persoas, sociedades e medio natural. - Estilos de vida sustentable. O consumo e a produción responsables, a alimentación equilibrada e sustentable, o uso eficiente da auga e da enerxía, a mobilidade segura, saudable e sustentable, e a prevención e a xestión dos residuos.

UD	Título da UD	Duración
4	Vivimos xuntos.	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías da indagación e utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar as características e organización das aldeas, vilas e cidades comparando cales son as vantaxes e os inconvenientes de vivir en cada unha delas.	PE	60
CA3.1 - Analizar a importancia demográfica, cultural e económica das migracións na actualidade, valorando con respecto e empatía a achega da diversidade cultural ao benestar individual e colectivo.	Coñecer as características da poboación de Galicia analizando como influen as migracións na actualidade e aceptando a diversidade cultural.		
CA3.3 - Coñecer os principais órganos de goberno e funcións de diversas administracións e servizos públicos, valorando a importancia da súa xestión para a seguridade integral cidadá e a participación democrática.	Coñecer os principais órganos de goberno e servizos públicos básicos da Comunidade Autónoma de Galicia e da localidade.		
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de maneira segura buscando información, identificando a máis importante relacionada co tema tratado e creando contidos dixitais sinxelos.	TI	40
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Amosar curiosidade polo medio natural, social e cultural máis próximo.		
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Buscar e seleccionar información básica respondendo a preguntas, facendo as súas investigacións. e adquirindo un léxico científico básico.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións. - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Dispositivos e recursos dixitais de acordo con as necesidades do contexto educativo. A aula virtual - Responsabilidade ecosocial. Ecodependencia e interdependencia entre persoas, sociedades e medio natural. - Desigualdade social e acceso aos recursos. Usos do espazo polo ser humano e evolución das actividades produtivas. - Costumes, tradicións e manifestacións culturais da contorna. Respecto pola diversidade cultural que convive na contorna da cohesión social. A cultura de paz e non violencia. - Organización política e territorial de Galicia. - Organización e funcionamento da sociedade. As principais institucións e entidades da contorna local, rexional e nacional e os servizos públicos que prestan. Estrutura administrativa de Galicia. - Ocupación e distribución da poboación no espazo e análise dos principais problemas e retos demográficos. Representación gráfica e cartográfica da poboación. A organización do territorio en Galicia. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero. - Compromisos e normas para a vida en sociedade.

UD	Título da UD	Duración
5	Cantos traballos diferentes!	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías da indagación e utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar as características e organización dos diferentes traballos tomando conciencia da importancia de cada un deles para a comunidade.	PE	60
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Relacionar os diferentes traballos co tipo de produto que se obtén deles analizando a importancia de cada un deles.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Interiorizar normas básicas para a convivencia no uso dos espazos públicos como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, identificando os sinais de tráfico e tomando conciencia da importancia dunha mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Distinguir os principais sinais de tráfico, iniciándose na educación viaria.		
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de maneira segura buscando información, identificando a máis importante relacionada co tema tratado e creando contidos dixitais sinxelos.		
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Buscar e seleccionar información básica respondendo a preguntas, facendo as súas investigacións. e adquirindo un léxico científico básico.	TI	40
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Participar en diversas tarefas grupais, respectando as normas de convivencia e a os distintos puntos de vista e opinións e tendo unha mantendo unha actitude positiva de cara ao traballo que se realiza.		
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar positivamente a igualdade entre homes e mulleres á hora de desenvolver calquer traballo evitando conductas sexistas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...). - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Dispositivos e recursos dixitais de acordo con as necesidades do contexto educativo. A aula virtual - Responsabilidade ecosocial. Ecodependencia e interdependencia entre persoas, sociedades e medio natural. - Estilos de vida sustentable. O consumo e a produción responsables, a alimentación equilibrada e sustentable, o uso eficiente da auga e da enerxía, a mobilidade segura, saudable e sustentable, e a prevención e a xestión dos residuos. - Desigualdade social e acceso aos recursos. Usos do espazo polo ser humano e evolución das actividades produtivas. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero. - Seguridade viaria. A cidade como espazo de convivencia. Normas de circulación, sinais e marcas viarios. Mobilidade segura, saudable e sustentable como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción. - Compromisos e normas para a vida en sociedade.

UD	Título da UD	Duración
6	Moitas cousas fálannos do pasado.	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías da indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar a grandes rasgos os cambios que se foron dando ao longo dos anos na contorna próxima, recoñecendo os vestixios que cada época deixou.	PE	60
CA4.2 - Identificar feitos da contorna social e cultural desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, empregando as nocións de causalidade, simultaneidade e sucesión.	Utilizar nocións básicas de medida para ordenar feitos da contorna social e cultural inmediata desde a Prehistoria ata a Idade antiga.		
CA4.3 - Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñecer e informar sobre formas de vida, persoas e grupos relevantes do pasado explicando por que foron relevantes.		
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de maneira segura buscando información, identificando a máis importante relacionada co tema tratado e creando contidos dixitais sinxelos.	TI	40
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Facer preguntas e predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.		
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Buscar e seleccionar información básica respondendo a preguntas, facendo as súas investigacións. e adquirindo un léxico científico básico.		
CA4.1 - Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Recoñecer, protexer e respectar o patrimonio natural e cultural como un ben común adoptando condutas respectuosas e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...). - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións. - Avances no pasado relacionados coa ciencia e a tecnoloxía que contribuíron a transformar a nosa sociedade mostrando modelos que incorporen unha perspectiva de xénero.

Contidos

- Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos.
- Dispositivos e recursos dixitais de acordo con as necesidades do contexto educativo. A aula virtual
- Responsabilidade ecosocial. Ecodependencia e interdependencia entre persoas, sociedades e medio natural.
- As fontes históricas: clasificación e utilización das distintas fontes (orais, escritas, patrimoniais) como vía para a análise dos cambios e permanencias na localidade ao longo da historia.
- O tempo histórico. Nocións temporais e cronoloxía. Localización temporal das grandes etapas históricas en eixes cronolóxicos.
- As expresións artísticas e culturais prehistóricas e da antigüidade e a súa contextualización histórica desde unha perspectiva de xénero.
- O patrimonio natural e cultural. Os espazos protexidos, culturais e naturais. O seu uso, coidado e conservación.
- Iniciación na investigación e nos métodos de traballo para a realización de proxectos, que analicen feitos, asuntos e temas de relevancia actual con perspectiva histórica, contextualizándoos na época correspondente.
- A acción de mulleres e homes como suxeitos na historia. Descubrimentos e inventos importantes ao longo da historia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A realización de diversas tarefas, actividades ou proxectos de xeito autónomo e/ou guiado por parte do alumnado será unha condición primordial para acadar unha aprendizaxe significativa. Todo isto, terá un enfoque globalizador, de carácter interdisciplinar, transversal e tratando de achegar o coñecemento científico ao alumnado.

A contorna será un medio idóneo para a adquisición de novas aprendizaxes, comezando polas máis próximas á súa realidade (sinxelas) e ata chegar a outras máis complexas.

O traballo individual, en pares ou en equipo (traballo colaborativo) serán as opcións máis empregadas para favorecer a participación total do alumnado.

Todo isto debe rexirse polos principios de normalización e inclusión e así poder atender á diversidade existente na nosa aula.

Desde o punto de vista da metodoloxía, ponse o foco nos seguintes aspectos:

I. Educación integral orientada a formar persoas:

- Indagadoras e analíticas
- Informadas e cultas
- Reflexivas e críticas
- Boas comunicadoras
- Colaboradoras e participativas
- Comprometidas e éticas
- Creativas
- Respectuosas e con mentalidade aberta

II. Desenvolvemento sostible desde o punto de vista ambiental e social:

- Para educar cidadáns globais, persoas comprometidas consigo mesmas, cos demais e co planeta.
- Todos os elementos débense orientar a que o alumnado reflexione sobre os retos do século XXI e deben contribuír á construción dun mundo mellor.

III. Proxecto conectado coa realidade que promove a aprendizaxe competencial. Para iso, cada unidade didáctica

organízase ao redor dunha situación de aprendizaxe, unha experiencia de aprendizaxe (problema, tema, reto...) motivadora, real e próxima ao alumnado. As unidades seguen unha ruta didáctica en catro fases:

- Espertar a curiosidade do alumno e tomar conciencia da situación-problema.
- Aprendizaxe orientada cara aos contidos necesarios e o desenvolvemento das habilidades de pensamento.
- Aplicación do aprendido en tarefas complexas, con forte sentido competencial e actitudinal.
- Consolidación, valoración do aprendido e personalización.

IV. Aprendizaxe personalizada mediante a flexibilización de adaptacións para que responda á diversidade de realidades educativas.

V. Avaliación formativa para avaliar todas as fases do proceso educativo, cunha gran diversidade de instrumentos, incluíndo a participación do propio estudante.

VI. Ensino dixital para desenvolver a competencia dixital do alumnado e tamén como ferramenta de ensino e aprendizaxe.

VII. Enfoque multidisciplinar e, aínda que cada unha área ten sentido propio, propónse un gran número de dinámicas interdisciplinares que contribúen a unha aprendizaxe profunda e que permiten interrelacionar saberes e fortalecer as aprendizaxes das áreas instrumentais.

VIII. Integración de novos saberes:

- Alfabetización informacional.
- Competencias STEAM.

Ao longo do curso proporáanse proxectos cooperativos (retos). Os retos son situacións de aprendizaxe transversais que se abordan nas diferentes áreas desde a perspectiva propia de cada disciplina. Deste xeito, todas as áreas contribúen, desde os seus enfoques particulares, á formulación global do proxecto, integrando saberes para que o alumnado avance nas súas competencias, relacione aprendizaxes e se converta en protagonista da súa evolución. Durante o reto aplicaranse os coñecementos adquiridos no trimestre a través de diferentes actividades nas distintas áreas e ámbitos, que se conxugarán e modularán para realizar un traballo cooperativo e que permitirán ao alumnado aprender a valorar os resultados do proceso.

En resumo, a metodoloxía será activa, participativa, comunicativa e intentará incluír novas experiencias que fomenten a innovación educativa na medida que sexa posible, coa finalidade de incentivar e motivar ao alumnado cara novas aprendizaxes.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais
Recursos materiais
Recursos tecnolóxicos
Recursos dixitais
Recursos espaciais

Empregaremos unha variedade significativa de recursos didácticos coa finalidade de ofertarlle ao noso alumnado un amplo abano de posibilidades para as súas aprendizaxes. Intentaremos motivar e implicar ao alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, xa que procuraremos que os recursos empregados posibiliten unha aprendizaxe activa por parte do alumnado.

RECURSOS PERSOAIS: Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o profesorado titor, persoal

especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o E.O.E. e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes.

RECURSOS MATERIAIS: Son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo a través do método científico. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), plastilina, globo terráqueo, mapas e planisferios, planos, maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta,...

RECURSOS TECNOLÓXICOS: ordenadores, pizarras dixitais, proxectores, tablets, gafas e materiais de realidade virtual, placas programables (Arduino).

RECURSOS DIXITAIS: entornos virtuais de aprendizaxe (EVA) ou aula virtual, enciclopedias online, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros dixitais, actividades con realidade aumentada, aplicacións para introducir ao alumnado na linguaxe da programación segundo a súa idade (ScratchJr, , mblock ...), Google Earth, kahoot para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

RECURSOS ESPACIAIS: a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, a aula de informática, así como os diversos espazos da contorna.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore alumnado unha vez comezado o curso ou ao inicio de cada unidade didáctica para coñecer os coñecementos previos do alumnos e saber así de onde temos que partir.. Esta avaliación levarase a cabo mediante:

A principio de curso realizaranse:

-Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información sobre os resultados académicos obtidos na materia e, de ser o caso, dos plans de reforzo.

-Recollerase información nas reunións coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar, ...

-Análise da información que aporten os titores de cursos anteriores.

- Avaliación das competencias e contidos a través de actividades como:
Pequenas probas orais ou escritas onde se observen, identifiquen e/ou describan características básicas dos elementos do medio natural que foron obxecto de traballo o curso pasado e/ou se continuarán afianzando neste curso.

Ao inicio de cada unidade os alumnos definirán de maneira oral ou escrita e coas súas palabras unha serie de termos presentado nunha nube de palabras. Ademais ,realizaranse unha serie de preguntas para facer memoria, as cales serán contestadas polos nenos de maneira oral ou escrita.

A partir desta avaliación tratarase de identificar se existen dificultades no grupo-clase ou en determinados alumnos para a elaboración das medidas oportunas tanto a nivel colectivo como individual.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	17	17	17	16	17	16	100
Proba escrita	60	60	60	60	60	60	60
Táboa de indicadores	40	40	40	40	40	40	40

Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno de campo, resumos, esquemas, mapas conceptuais e probas obxectivas. Os cales terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación. As probas escritas poderán ser cambiadas ou complementadas por traballos de investigación sobre os contidos estudados no tema.

A estruturación da aprendizaxe de forma cooperativa, se se leva a cabo de xeito óptimo, crea un clima na aula que favorece a devandita aprendizaxe e posibilita conseguir mellores resultados escolares. Facilita a atención á diversidade, proporcionando estratexias e recursos para a xestión da heteroxeneidade na aula; o profesorado dispón de máis tempo para atender de forma individualizada, adecuándose aos ritmos e estilos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas; estes tamén contan coa axuda dos seus compañeiros e compañeiras, o que fai posible un modelo inclusivo dentro da aula, mellorando a calidade das interaccións dentro do grupo e cos mestres e coas mestras, propiciando que o clima da aula sexa máis positivo.

Este impulso, desde a aprendizaxe cooperativa, pretende tamén educar en valores como a solidariedade, a cooperación, a convivencia, o diálogo e o respecto á diferenza, dentro do contexto natural e non forzado do propio alumnado, no que adentra e pon en práctica as habilidades sociais e comunicativas.

Apostar pola cooperación supón fuxir de modelos baseados na competición onde só importa o reto e non o grupo. Tamén foxe da submisión, onde só importa a relación e non os retos que se propoñen. Apostar pola cooperación supón compartir uns retos en equipo, sendo ambas as dúas cuestións igualmente importantes para os nenos e as nenas, xa que a educación integral inclúe adquirir tamén competencias persoais e sociais, ademais de coñecementos.

Traballar as habilidades persoais e sociais require poñer o foco na educación emocional e facela presente tamén de xeito explícito e intencional nas actividades da aula. Isto significa que o alumnado ten que aprender unha serie de habilidades que contribúan a que a nivel intrapersoal identifique e recoñeza as emocións, regulándoas e xestionándoas, e a nivel interpersoal, a que adquira habilidades de relación coas persoas e a ter experiencias de satisfacción persoal.

A nivel metodolóxico tamén se considera o emprendemento como unha das claves de acordo co que a normativa vixente nos propón arredor desta competencia. Requiritá por parte do alumnado a capacidade de análise, planificación, organización, xestión e toma de decisións; capacidade de adaptación ao cambio e resolución de problemas; comunicación, presentación, representación e negociación efectivas; habilidade para traballar, tanto

individualmente coma dentro dun equipo; participación, capacidade de liderado e delegación; pensamento crítico e sentido da responsabilidade; autoconfianza, avaliación e autoavaliación, xa que é esencial determinar os puntos fortes e débiles dun mesmo e dun proxecto, así como avaliar e asumir riscos cando estea xustificado (manexo da incerteza e asunción e xestión do risco). Tamén o desenvolvemento de actitudes e valores como a predisposición a actuar dunha forma creadora e imaxinativa; o autocoñecemento e a autoestima; a autonomía ou independencia, o interese e esforzo e o espírito emprendedor. Caracterízase pola iniciativa, pola proactividade e pola innovación, tanto na vida privada e social coma na profesional. Tamén está relacionada coa motivación e coa determinación á hora de cumprir os obxectivos, xa sexa persoais ou establecidos en común con outros, incluído o ámbito laboral.

Esta clave estará presente de xeito explícito e transversal nas actividades nas que teña que poñer en xogo as diferentes habilidades e destrezas asociadas co sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

O uso das TIC é outra das claves fundamentais contempladas a nivel metodolóxico, e non só para preparar o alumnado a saber facer dentro do contexto dixital, tamén para que entenda as TIC non como un fin en si mesmas, senón como un medio para a aprendizaxe e a comunicación (TAC: tecnoloxías da aprendizaxe e da comunicación) e para o empoderamento e a participación (TEP: tecnoloxías do empoderamento e da participación). Preténdese que o alumnado sexa o protagonista da súa aprendizaxe no contexto dixital, xere contidos, que os comparta, constrúa de xeito conxunto e vaia máis alá de ser un mero observador ou consumidor. Á súa vez preséntasenos outro reto, que é procurar que todos os alumnos e alumnas adquiren as capacidades necesarias para chegar a ser competentes no manexo dixital, formulando unha metodoloxía baseada en situacións da vida cotiá e ligando o coñecemento ás experiencias e á resolución de problemas. Poñerase especial fincapé nesta finalidade, entendendo a transversalidade das tecnoloxías como ferramenta fundamental para a adquisición do resto de competencias.

Con carácter xeral, a metodoloxía debe partir da perspectiva do profesorado como orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial no alumnado. Un dos elementos fundamentais na ensinanza por competencias é espertar e manter a motivación cara á aprendizaxe no alumnado, o que implica unha nova proposta do seu papel, máis activo e autónomo, consciente de ser o responsable da súa aprendizaxe, e, a tal fin, o profesorado ha de ser capaz de xerar nel a curiosidade e a necesidade por adquirir os coñecementos, as destrezas e as actitudes e os valores presentes nas competencias.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Utilizaremos diferentes materiais e recursos, aproveitando, na medida do posible, os recursos dispoñibles do Centro: libros de texto, libros da aula e da biblioteca, fichas de reforzo e ampliación, cadernos, cartolinas, xornais, revistas, recursos audiovisuais (cd, dvd, ordenadores), material escolar básico, etc.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore alumnado unha vez comezado o curso ou ao inicio de cada unidade didáctica para coñecer os coñecementos previos do alumnos/as e saber así de onde temos que partir. Esta avaliación levarase a cabo mediante:

A principio de curso e cando cheguen alumnos/as novos/as realizaranse:

-Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información sobre os resultados académicos obtidos na materia e, de ser o caso, dos plans de reforzo.

-Recollerase información nas reunións coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar, ...

-Análise da información que aporten os titores de cursos anteriores.

- Avaliación das competencias e contidos a través de actividades como:

Pequenas probas orais e/ou escritas, a cales unha vez analizadas nos indicaran cal é o nivel do que parte o alumno/a.

Ao inicio de cada unidade:

Presentáraselles ao alumnado os contidos que se van a traballar na unidade e estes terán que dicir e explicar coas súas propias palabras e poñendo exemplos o que saben sobre os distintos temas.

A partir desta avaliación tratarase de identificar se existen dificultades no grupo-clase ou en determinados alumnos para a elaboración das medidas oportunas tanto a nivel colectivo como individual.

O equipo docente, como consecuencia do resultado da avaliación inicial, adoptará as medidas pertinentes de apoio, ampliación, reforzo ou recuperación para aqueles alumnos e alumnas que o precisen ou de adaptación curricular para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Para iso, é conveniente iniciar o curso con actividades para activar no alumnado os coñecementos e destrezas traballados con anterioridade, traballando os aspectos fundamentais que o alumnado debería coñecer ata o momento. De igual xeito, débense propoñer actividades abondo que nos permitan coñecer realmente as destrezas e os coñecementos que posúen os alumnos e as alumnas de cada grupo, co fin de abordar o proceso educativo realizando os axustes pertinentes ás necesidades e características tanto de grupo coma individuais para cada alumno ou alumna, de acordo co establecido no marco do Plan de Atención á Diversidade.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	9	9	9	9	8	8	8	8	8	8
Proba escrita	60	60	60	60	70	60	60	70	60	60
Táboa de indicadores	40	40	40	40	30	40	40	30	40	40

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	100
Proba escrita	60	60	62
Táboa de indicadores	40	40	38

Criterios de cualificación:

Para valorar o traballo do alumno usaremos os criterios de avaliación establecidos no currículo oficial e para cada unidade didáctica establecidos nesta programación.

Así mesmo valorarase a actitude, o comportamento e a participación nas actividades, así como o seu grao de

execución (control das actividades realizadas de xeito individual e colectivo: caderno do alumno, actividades das TIC...), traballos onde presentan evidencias de creación de variedades de textos traballados ao longo do curso.

Faranse probas específicas, tanto orais como escritas, das unidades traballadas en cada momento.

A nota final quedará do seguinte xeito:

- Probas escritas: 60%.
- Táboa de indicadores: 40%.

Descontarase ata un máximo de 1 punto por faltas de ortografía.

A cualificación da avaliación final será a correspondente a terceira avaliación.

Criterios de recuperación:

O alumnado que non supere algunha das unidades ao longo do curso o criterio de recuperación será o seguinte: Sendo a aprendizaxe e adquisición dunha lingua un proceso continuo, esa unidade quedará recuperada no momento que ese alumno ou alumna demostre que ten os criterios adquiridos. Para eso observárase o traballo realizado na clase, así como as distintas probas escritas que se vaian facendo para ver o grao de consecución deses criterios valorados negativamente nun primeiro momento.

6. Medidas de atención á diversidade

Para que o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que requira unha atención educativa diferente a ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), altas capacidades intelectuais, por se incorporar de forma tardía ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e as competencias da etapa, estableceranse as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu progreso axeitado,.

Entre as medidas indicadas consideraranse as que garantan que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

A identificación e valoración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e, de ser o caso, a intervención educativa derivada desa valoración, realizarase da forma máis temperá posible. Así adoptaremos as medidas necesarias para facer realidade esa identificación, valoración e intervención.

Para o alumnado que se incorpore de xeito tardío ao sistema educativo adoptaremos as medidas de reforzo necesarias que faciliten a súa integración escolar e a recuperación, de ser o caso, do seu desfase e que lle permitan continuar con aproveitamento os seus estudos.

Entre as medidas de carácter xeral establécense as seguintes:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula á características do alumnado.

- Metodoloxía que ten en conta o traballo colaborativo e que promova a inclusión.

- Adaptación, se fora o caso, dos instrumentos ou procedementos de avaliación.

- Medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.

- Reforzo educativo (medida ordinaria de Atención á diversidade que afecta elementos non prescriptivos do currículo, é dicir, á secuencia de contidos, ás formas e instrumentos de avaliación, á organización da aula, aos agrupamentos de alumnos e a todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía í Decreto 229/2011, de 7 de decembro pola que se regula a Atención a diversidade do alumnado dos centros educativos da Comunidade autónoma de Galicia, nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006) e Apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria:

- Programas ofertados pola consellería de educación.

Tendo en conta os resultados do curso anterior, o titor ou mestre responsable da área será o encargado de facer, se é preciso, o programa de reforzo para a recuperación de materias pendentes onde se contemplan as necesidades e posibilidades que ten o neno para acadar os obxectivos propostos. Para iso teranse en conta os resultados da avaliación inicial.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual							X	X
ET.4 - Competencia dixital		X	X		X			
ET.5 - Fomento da creatividade do espírito científico e do emprendemento.						X	X	
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres.					X	X		
ET.7 - Educación para a paz	X	X	X					X
ET.8 - Educación para o consumo responsable e desenvolvemento sostible.		X				X	X	
ET.9 - Educación para a saúde (incluída a afectivo-social)				X			X	

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual				X
ET.4 - Competencia dixital	X		X	
ET.5 - Fomento da creatividade do espírito científico e do emprendemento.	X	X		
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres.				X
ET.7 - Educación para a paz				
ET.8 - Educación para o consumo responsable e desenvolvemento sostible.		X	X	

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.9 - Educación para a saúde (incluída a afectivo-social)	X			

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Biblioteca	Xornadas de benvinda, actividades de animación á lectura...	X	X	X
Conmemoracións	Magosto, Nadal, Entroido, Letras Galegas,...	X	X	X
Saídas culturais e á contorna.	Cine, fin de curso...	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Os obxectivos e contidos son os axeitados para conseguir un axeitado grao de desenvolvemento das competencias clave.
Cumplíuse a temporalización establecida inicialmente.
Metodoloxía empregada
A metodoloxía é a axeitada para o desenvolvemento das competencias clave.
Os recursos utilizados son os axeitados para traballar os contidos propostos.
Medidas de atención á diversidade
Levaronse a cabo as medidas de atención á diversidade de maneira efectiva.
Clima de traballo na aula
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Alumnado e familia implicanse no proceso educativo

Descrición:

O mestre avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente utilizando unha plantilla onde se reflexan os indicadores de logro e os elementos a avaliar así como os citados anteriormente.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación é unha parte fundamental do proceso de ensino - aprendizaxe que permitirá valorar o grao de adquisición dos obxectivos de nivel e de etapa así como o grao de desenvolvemento das competencias clave.

Os resultados de avaliar cada unidade didáctica proporcionarán información esencial para a toma de decisións co fin de modificar, de ser o caso, aqueles aspectos do proceso de ensino e aprendizaxe que son susceptibles de mellora (metodoloxía, recursos, tarefas...) e de detectar as dificultades de aprendizaxe coa consecuente posta en marcha de mecanismos para palialas, sempre coa finalidade de que o alumnado acade os obxectivos e desenvolva as competencias.

O seguimento para realizar a avaliación será mediante os instrumentos de avaliación xa mencionados na PD. onde se terá en conta a observación, probas orais e escritas, traballo diario de aula e o interese, actitude e participación na aula.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15011336	CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao	Ordes	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua Estranxeira - Inglés	3º Pri.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	23
4.2. Materiais e recursos didácticos	24
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	25
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	26
6. Medidas de atención á diversidade	27
7.1. Concreción dos elementos transversais	27
7.2. Actividades complementarias	28
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	28
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	29
9. Outros apartados	30

1. Introducción

O CEIP Alfonso Daniel Rodríguez Castelao atópase no Concello de Ordes.

O centro escolariza a alumnos e alumnas do núcleo urbano da vila de Ordes e tamén a unha gran parte de alumnado pertencente ás zonas rurais das distintas parroquias do concello de Ordes.

O alumnado pertence na súa maioría a entornos familiares de nivel socio-económico medio, con predominio de profesións como: obreiros, empregados comerciais, empregados de confección, agricultores, gandeiros e, en menor medida, profesionais autónomos ou funcionarios.

Cabe sinalar que no presente curso 2023/2024 contamos con 56 alumnas e alumnos, distribuídos en tres grupos de 19, 19 e 18 estudantes, respectivamente. Os ritmos de aprendizaxe varían de uns a outros polo que se elaborará esta programación atendendo as distintas necesidades do alumnado.

A normativa educativa vixente reflicte a necesidade de planificar e concretar o proceso de ensino e aprendizaxe dos elementos curriculares a través da programación didáctica guiada por unhas referencias básicas de obrigado cumprimento:

- Decreto 155/2022 do 15 de setembro polo que se establece o currículo de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que actualiza a normativa de avaliación das ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obligatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

A lingua é o instrumento de comunicación e da aprendizaxe. É esencial que desde as idades máis temperás, a educación teña entre os seus obxetivos principais dotar ao alumnado de instrumentos para o desenvolvemento de competencias que lles permitan participar adecuadamente nunha nova sociedade cada vez máis interdependente e global.

O Marco Común Europeo de referencia para as linguas define os niveis de dominio da lingua que permiten determinar as competencias lingüísticas do alumnado en cada fase de aprendizaxe ao longo da súa vida; fomentando que aprendan inglés a través de actividades motivadoras con carácter lúdico que faciliten unha adquisición natural da lingua estranxeira. Igualmente, potenciarase a habilidade do alumnado para percibir o coñecemento da lingua estranxeira non só como unha materia máis, senón como o descubrimento dun mundo externo do que todos formamos parte responsable, e promoverase a interacción na clase para desenvolver unha actitude de alerta cara ás normas e os valores sociais, dentro dos principios psicopedagóxicos nos que se fundamenta o deseño curricular para a etapa de Educación Primaria.

Tal e como se contempla no currículo, a área de Lingua Estranxeira terá como finalidade conseguir que o alumnado adquira todas as competencias establecidas no Perfil de Saída ao termo do seu ensino básico, centrándonos, como é lóxico, nas competencias en comunicación lingüística e plurilingüe; facendo especial fincapé na competencia persoal, social e de aprender a aprender, competencia dixital e na competencia emprendedora. Traballaranse intensamente ao longo de todo o proceso a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e as TIC; pero tamén terán cabida na aprendizaxe da lingua estranxeira o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade. Por outra banda, incorporárase de forma transversal a educación para a saúde, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto e a cooperación.

Este proxecto ten en conta cambios tan significativos e evidentes como a globalización, que practicamente esixe o dominio dunha segunda lingua estranxeira, e o impacto das novas tecnoloxías, repercutindo directamente nos alumnos á hora de aprender, de comunicarse ou de realizar unha tarefa. Elementos que se converteron nunha prioridade e nunha ferramenta clave respectivamente no proceso de aprendizaxe, non só na etapa á que fai referencia este documento, senón ao longo de toda a vida.

O profesorado creará as condicións esenciais para que se produza a aprendizaxe, atendendo particularmente á diversidade nas habilidades e expectativas do alumnado e á procura do desenvolvemento do talento de cada un deles. Preparará e organizará o traballo, axudando no desenvolvemento do mesmo; coordinará accións; impulsando actitudes positivas cara ao idioma e a cultura inglesa, captando e desenvolvendo o interese do alumno cara ao novo e a creatividade, intervindo de forma activa e reflexiva, e tratando os erros como signos de progreso. Pola súa banda, o alumnado debe participar de forma activa no seu proceso de aprendizaxe.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información específica e predicible de textos breves e sinxelos, expresados de forma clara e na lingua estándar, facendo uso de diversas estratexias e recorrendo, cando sexa necesario, ao uso de distintos tipos de apoio, para desenvolver o repertorio lingüístico e para responder a necesidades comunicativas cotiás.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos sinxelos de maneira comprensible e estruturada, mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a compensación, para expresar mensaxes breves relacionados con necesidades inmediatas e responder a propósitos comunicativos cotiás.	1	1-2	1	2	5		1	4
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións cotiás, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3	1-3	
OBX4 - Mediar en situacións predicibles, usando estratexias e coñecementos para procesar e transmitir información básica e sinxela, co fin de facilitar a comunicación.	5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5 - Recoñecer e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-4-5		3	
OBX6 - Apreciar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e valorando as diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas, para aprender a xestionar situacións interculturais.	5	3			1-3	2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	All about me	<p>Repaso do léxico relacionado con datos persoais, gustos, intereses, estatura; días da semana, meses, tempo atmosférico, estacións do ano e números ..</p> <p>Expresións de utilidade para manter unha conversa sinxela.</p> <p>Esta unidade incluírá xogos como a ruleta e o bingo.</p>	10	4	X		
2	I like animals	<p>Léxico relacionado con animais en perigo de extinción, cómo son, o que fan e non fan;</p> <p>Expresións de utilidade para manter unha conversa sinxela e decir cal é o favorito. verbos: drink, eat, fight, play, sleep..</p> <p>Grammar: present simple (questions and short answers with be) in affirmative and negative form. Is it...? Yes, it is; No, it isn't. /Are they....? Yes, they are; No, they aren't.</p> <p>Presente simple: afirmativo e negativo (they play/ they don't play).</p> <p>Descrición simple sobre un animal en perigo de extinción.</p> <p>Realización de tarefas orais e escrita coa finalidade de traballar as catro destrezas. Esta unidade incluírá xogo de tarxetas para xogar en grupos pequenos con pistas sobre os distintos animais e adiviñar de cal se trata.</p> <p>Elaboración dun proxecto e exposición sobre un animal en perigo de extinción.</p>	16	16	X		
3	My school day	<p>Vocabulario relacionado con expresións relativas ás actividades relacionadas coa rutina diaria do alumnado e as materias escolares.</p> <p>Grammar: present simple mediante preguntas e respostas sobre a hora.</p> <p>Presente simple: afirmativo y negativo con os pronomes persoais (She/He lives.... She/He doesn't live....)</p> <p>Realización de tarefas orais e escritas coa finalidade de traballar as catro destrezas. Esta unidade incluírá pequenas conversas en parellas a propósito das actividades: timetable; favourite subject; e tamén un visionado de video por persoas de fala inglesa e unha canción sinxela.</p> <p>Elaboración dun proxecto e exposición sobre 'My school day'.</p>	16	16	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	I like cooking	<p>Vocabulario: a comida; os ingredientes; o que ten e o que non; (likes+dislikes; favourites;)</p> <p>Gramática: presente simple: preguntas e respostas con some/any -Have you got any....? I've got some... / I haven't got any... presente simple: preguntas e respostas con like- Does he/she like pizza? Yes, he does / No she doesn't</p> <p>Descrición simple sobre os toppings dunha pizza. Proxección dun video dunha familia de ámbito anglosaxón dunha comida familiar. Realización de tarefas orais e escritas coa finalidade de traballar as catro destrezas. Esta unidade incluírá o xogo de adiviñar a tarxeta tapada. Elaboración dun proxecto 'Create a pizza!' e exposición oral.</p>	16	16		X	
5	I love the weekend	<p>Vocabulario básico relacionado con actividades de tempo libre relacionadas co propio grupo do alumnado (o que fan e o que non; se saben ou non).</p> <p>Grammar: Presente simple: preguntas e respostas en afirmativo e negativo; Do you read comics....? Yes, I do/ No, I don't. Presente simple: preguntas e respostas con can: Can he/she play the guitar? Yes, he can / No, he can't.</p> <p>Realización de tarefas orais e escritas coa finalidade de traballar as 4 destrezas. Esta unidade incluírá describir a tarxeta escollida. e tamén expresión corporal relacionada coas actividades. Elaboración do proxecto 'My free time' e a exposición oral.</p>	16	17		X	
6	My school play	<p>Vocabulario relacionado coa aparencia física e a roupa e accesorios. Expresións de utilidade e uso frecuente para facer unha descrición simple dunha persoa.</p> <p>Gramática: presente simple: preguntas y respostas cortas usando has got (Has he/she got....? Yes, he/she has; No, he/she hasn't). Presente contínuo: preguntas e afirmacións positivas e negativas (What's he/she doing...? He's saving water... / He isn't saving water...)</p> <p>Tarefas orais e escritas para desenvolver as</p>	13	18			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	My school play	4 destrezas. Esta unidade incluíra xogos lingüísticos como o mimo e Guess who. Elaboración dun proxecto escrito "My Giant" e exposición oral.	13	18			X
7	I'm on a bike ride	Vocabulario asociado con os edificios principais no pobo/cidade; tendas; Gramática: Presente simple: there is/ there are & preposiciones: is there a park near here? Yes, there is. It's opposite the bank; Are there any librarys near hear? No, there aren't Tarefas orais e escritas para desenvolver as 4 destrezas. Expresións de utilidade e uso frecuente para moverse pola cidade e descrición simple do lugar usando as preposicións axeitadas. Esta unidade incluíra un xogo de taboleiro onde os xogadores digan a palabra ou imaxe dese cadro, ler unha pregunta escrita no cadro, contestar a unha pregunta.. Elaboración do proxecto: My town e a exposición oral.	13	18			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	All about me	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén algunhas palabras previamente presentadas en textos orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, relacionados coa escola.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Escribir palabras e frases moi breves e sinxelas, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais, sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado.	Escribir palabras sinxelas, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas, usando estruturas e léxico elementais, sobre a escola.		
CA1.6 - Participar en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales coma a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística.	Participar en situacións interactivas sinxelas con intercambios moi breves relacionados con seus interese preparadas previamente, contando coa axuda necesaria.		
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en situacións cotiáns, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.	Utilizar, de forma guiada e en situacións cotiáns, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.		
CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando, de forma guiada, sobre aspectos básicos do seu funcionamento.	Levar a cabo a comparación entre as dúas linguas mesmo que sexa contando con axuda.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiáns; expresar rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións elementais; expresar o tempo, a cantidade e o espazo. - Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos). - Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa. - Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.

UD	Título da UD	Duración
2	I like animals	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén algunhas palabras previamente presentadas en textos orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, relacionados coa unidade.		
CA1.2 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias axeitadas en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para o alumnado, para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos breves e sinxelos sobre temas familiares.	Seleccionar de forma guiada as estratexias axeitadas para captar a información elemental en frases e textos breves e sinxelos.	PE	40
CA1.4 - Escribir palabras e frases moi breves e sinxelas, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais, sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado.	Escribir palabras e frases moi breves e sinxelas, con adecuación á situación comunicativa proposta, usando estruturas e léxico elementais, sobre as actividades de tempo libre.		
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas con información básica relacionada co tema dos animais, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, con atención ao ritmo.		
CA1.5 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes breves, útiles e sinxelas, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Seleccionar estratexias para producir mensaxes breves, sinxelos e útiles para saudar, despedirse, presentarse; describir persoas, lugares; expresar rutinas de xeito guiado; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás contando con axuda.		
CA1.6 - Participar en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales coma a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística.	Participar en situacións interactivas sinxelas con intercambios moi breves relacionados con seus interese preparadas previamente, contando coa axuda necesaria.	TI	60
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en situacións cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.	Utilizar, de forma guiada e en situación cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.		
CA1.8 - Interpretar e explicar información básica de forma guiada, axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas interlocutoras e interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Poñer interese e esforzo nunha explicación de forma básica aínda que non o consiga completamente.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando, de forma guiada, sobre aspectos básicos do seu funcionamento.	Levar a cabo a comparación entre as dúas linguas mesmo que sexa contando con axuda.		
CA2.2 - Utilizar e diferenciar os coñecementos e estratexias de mellora da súa propia capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, de forma guiada e con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Iniciarse no proceso de comunicar e de aprender a lingua estranxeira contando coa axuda doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.		
CA2.3 - Rexistrar e aplicar, de xeito guiado, os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, participando en actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL).	Levar a cabo actividades de autoavaliación contado con axuda.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos elementais e habituais que fomenten a convivencia pacífica e o respecto polos demais.	Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Técnicas de aprendizaxe. - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; expresar rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións elementais; expresar o tempo, a cantidade e o espazo. - Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios de tipoloxía variada, tales como folletos, instrucións, normas, avisos ou conversacións reguladoras da convivencia (agradecer, desculparse, pedir permiso). - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número; espazo e as relacións espaciais; afirmación, exclamación, negación, interrogación. - Léxico elemental relativo a relacións persoais próximas, vivenda, lugares e contornas de interese. - Patróns sonoros, acentuais e de entoación básicos de uso común, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. - Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos). - Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e pedir e dar indicacións. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias elementais de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa. - Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas. - Estratexias básicas de uso común para identificar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder a unha necesidade elemental, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio. - Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas. - Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira: culturas e modos de vida diferentes. - Participación en intercambios comunicativos planificados, con estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios. - Patróns culturais elementais transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira.

UD	Título da UD	Duración
3	My school day	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiás, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén algunhas palabras previamente presentadas en textos orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, relacionados coa unidade.	PE	40
CA1.2 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias axeitadas en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para o alumnado, para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos breves e sinxelos sobre temas familiares.	Seleccionar de forma guiada as estratexias axeitadas para captar a información elemental en frases e textos breves e sinxelos.		
CA1.4 - Escribir palabras e frases moi breves e sinxelas, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais, sobre asuntos cotiás e de relevancia persoal para o alumnado.	Escribir palabras e frases moi breves e sinxelas, con adecuación á situación comunicativa proposta, usando estruturas e léxico elementais, sobre as actividades de tempo libre.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas con información básica relacionada co tema dos animais, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, con atención ao ritmo.	TI	60
CA1.5 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes breves, útiles e sinxelas, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Seleccionar estratexias para producir mensaxes breves, sinxelos e útiles para saudar, despedirse, presentarse; describir persoas, lugares; expresar rutinas de xeito guiado; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás contando con axuda.		
CA1.6 - Participar en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales coma a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística.	Participar en situacións interactivas sinxelas con intercambios moi breves relacionados con seus interese preparadas previamente, contando coa axuda necesaria.		
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en situacións cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.	Utilizar, de forma guiada e en situación cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.		
CA1.8 - Interpretar e explicar información básica de forma guiada, axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas interlocutoras e interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Poñer interese e esforzo nunha explicación de forma básica aínda que non o consiga completamente.		
CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando, de forma guiada, sobre aspectos básicos do seu funcionamento.	Levar a cabo a comparación entre as dúas linguas mesmo que sexa contando con axuda.		
CA2.3 - Rexistrar e aplicar, de xeito guiado, os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, participando en actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL).	Levar a cabo actividades de autoavaliación contado con axuda.		
CA3.1 - Actuar con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas, e amosando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	Actuar con respecto en situacións interculturais amosando rexeitamento fronte as discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos e habituais.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos elementais e habituais que fomenten a convivencia pacífica e o respecto polos demais.	Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora. - Estratexias básicas de uso común para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; expresar rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións elementais; expresar o tempo, a cantidade e o espazo. - Léxico elemental relativo a relacións persoais próximas, vivenda, lugares e contornas de interese. - Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos). - Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e pedir e dar indicacións. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias elementais de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais. - Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas. - Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder a unha necesidade elemental, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio. - Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas. - Padróns culturais elementais transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira. - Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.

UD	Título da UD	Duración
4	I like cooking	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiás, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén algunhas palabras previamente presentadas en textos orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, relacionados coa unidade.	PE	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias axeitadas en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para o alumnado, para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos breves e sinxelos sobre temas familiares.	Seleccionar de forma guiada as estratexias axeitadas para captar a información elemental en frases e textos breves e sinxelos.		
CA1.4 - Escribir palabras e frases moi breves e sinxelas, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais, sobre asuntos cotiás e de relevancia persoal para o alumnado.	Escribir palabras e frases moi breves e sinxelas, con adecuación á situación comunicativa proposta, usando estruturas e léxico elementais, sobre as actividades de tempo libre.		
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua galega, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras (substantivos, adxectivos e verbos), a partir da observación, comparación e manipulación de palabras e enunciados, nun proceso acompañado de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Observar o funcionamento da lingua galega e a concordancia entre distintos tipos de palabras manipulando palabras e enunciados.		
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, en lingua galega, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e iniciándose, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.		Baleiro	0
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas, tendo unha perspectiva de xénero. - Contexto - Xéneros discursivos - Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución oral de textos en lingua galega. - Procesos: interacción oral - Procesos: comprensión oral - Comprensión global e específica e identificación das ideas máis relevantes de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (gravacións, medios de comunicación, escoita oral de contos infantís). - Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que incidan no significado da mensaxe que se quere transmitir. - Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel, que estimulen intereses e gustos. - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe (escoitar e preguntar) e para a identificación e interpretación do sentido global de textos orais e multimodais sinxelos. - Procesos: produción oral. - Produción de textos orais sinxelos de diferente tipoloxía. Pronuncia e entoación adecuadas, atendendo á particularidade fonética da lingua galega. - Construción, valoración e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais sinxelos.

Contidos

- Contexto
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Elementos básicos de contido (tema, léxico) e forma (estrutura, título, imaxes).
- Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución de textos escritos, en lingua galega.
- Procesos: comprensión lectora.
- Valoración e aprecio da lectura, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Coñecemento da organización e funcionamento das bibliotecas da aula, do centro e das virtuais e participación nas actividades organizadas. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos con textos propios da literatura galega.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.
- Procesos: produción escrita
- Aplicación das normas ortográficas básicas adecuadas ao seu desenvolvemento cognitivo e cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación.
- Modelos e estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión de textos escritos sinxelos, en diferentes soportes (incluídos os dixitais), con distintos propósitos comunicativos.
- Produción de textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes e con presentación coidada, utilizando en cada situación o modelo discursivo que corresponda.
- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita en lingua galega e a elaboración de textos.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita das compañeiras e os compañeiros.
- Estratexias básicas na procura guiada da localización, selección e contraste de información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.
- Modelos explícitos para reelaborar a información.
- Comunicación creativa do coñecemento, con respecto pola propiedade intelectual das obras de escritores e escritoras galegos e galegas.
- Lectura acompañada e comentada de diversos textos literarios en lingua galega, adecuados aos seus intereses e organizados en itinerarios lectores.
- Valoración dos textos literarios da literatura en xeral e especialmente da literatura galega como vehículo de comunicación e recurso de lecer persoal.
- Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.
- Os elementos constitutivos esenciais da obra literaria (tema, protagonista, personaxes secundarios).
- Creación de textos literarios sinxelos, en prosa ou en verso: contos, poemas, adiviñas, cancións e teatro.
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras (substantivo, verbo, adxectivo, pronomes, artigos). Características

Contidos

- e uso de cada clase de palabra.

- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario galego. Semellanzas e diferenzas de forma e significado entre palabras da mesma familia léxica ou semántica.

UD	Título da UD	Duración
10	CAMBIA DE AIRES	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido.	Comprender o sentido global de textos orais identificando a idea principal e respondendo preguntas sobre o mesmo.	PE	60
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, individuais ou colectivos, integrando recursos gráficos ou paratextuais sinxelos que faciliten a comprensión do sentido global do texto.	Elaborar a unicos integrando recursos gráficos que nos faciliten a comprensión do mesmo.		
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Buscar información con distintas fontes seleccionando a máis significativa para escribir, completar textos ou responder a preguntas sinxelas.		
CA6.5.6. - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais (os determinantes) e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Recoñecer os numerais, direnciar os cardiais dos ordinais usándoos en distintas situacións da vida cotiá. Recoñecer distintas palabras que se escriben con b, observando que se escriben con esta letra todas as que comezan por bur-, bu- e bus-		
CA6.6 - Progresar na adquisición de vocabulario galego a través dos textos.	Adquirir vocabulario sobre as viaxes usándoo para expresar ideas escritas e orais. Identificar familias de palabras facendo grupos e clasificación de palabras.		
CA1.1 - Amosar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais de Galicia, incluída unha primeira aproximación ás linguaxes de signos, identificando as empregadas no seu ámbito familiar.	Usar a linguaxe de maneira respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e de xénero valorando as diferenzas interpersoais.	TI	40
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra desde unha reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeitar os usos discriminatorios da lingua galega identificando abusos de poder con respecto a ela.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación de mellora e o gusto pola lectura.	Planifica a lectura e de maneira fluida, cunha entonación axeitada ao texto que está lendo e respectando os signos de puntuación.		
CA3.6.1. - Presentar os seus escritos seguindo as pautas establecidas polo mestre/a (ordenados, limpos, sen faltas de ortografía, con boa caligrafía, respectando as marxes,...)	Producir textos escritos seguindo as pautas dadas polo mestre/a en canto a orde, distribución dosespazos, data e títulos, empregando unha ortografía correcta, boa caligrafía e acabándoos no tempo estipulado.		
CA5.6 - escoitar e ler textos variados da literatura infantil universal e galega, que recollan diversidade de autores e autoras, recoñecendo elementos básicos dos distintos xéneros literarios e interpretándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas de maneira acompañada.	Escoitar e ler textos variados da literatura infantil buscando diferenzas e semellanzas entre eles.		
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, en lingua galega, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e iniciándose, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.		Baleiro	0
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e do seu centro educativo. - Valoración da diversidade da lingua na contorna e na nosa comunidade autónoma. - Valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais de Galicia. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo. - Xéneros discursivos - Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución oral de textos en lingua galega. - Procesos: interacción oral - Interacción oral adecuada en situacións de aula, mobilizando estratexias básicas de cortesía lingüística e asertividade. - Procesos: comprensión oral - Comprensión global e específica e identificación das ideas máis relevantes de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (gravacións, medios de comunicación, escoita oral de contos infantís).

Contidos

- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que incidan no significado da mensaxe que se quere transmitir.
- Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel, que estimulen intereses e gustos.
- Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe (escoitar e preguntar) e para a identificación e interpretación do sentido global de textos orais e multimodais sinxelos.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal e de discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación.
- Procesos: produción oral.
- Produción de textos orais sinxelos de diferente tipoloxía. Pronuncia e entoación adecuadas, atendendo á particularidade fonética da lingua galega.
- Contexto
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Elementos básicos de contido (tema, léxico) e forma (estrutura, título, imaxes).
- Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución de textos escritos, en lingua galega.
- Procesos: comprensión lectora.
- Elementos gráficos, textuais e paratextuais progresivamente complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Valoración e aprecio da lectura, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Coñecemento da organización e funcionamento das bibliotecas da aula, do centro e das virtuais e participación nas actividades organizadas. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos con textos propios da literatura galega.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.
- Procesos: produción escrita
- Aplicación das normas ortográficas básicas adecuadas ao seu desenvolvemento cognitivo e cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación.
- Creación de textos utilizando a lingua galega con intención informativa: carteis, anuncios, pequenos cómics.
- Modelos e estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión de textos escritos sinxelos, en diferentes soportes (incluídos os dixitais), con distintos propósitos comunicativos.
- Produción de textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes e con presentación coidada, utilizando en cada situación o modelo discursivo que corresponda.
- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita en lingua galega e a elaboración de textos.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita das compañeiras e os compañeiros.
- Estratexias básicas na procura guiada da localización, selección e contraste de información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Modelos explícitos para reelaborar a información. - Comunicación creativa do coñecemento, con respecto pola propiedade intelectual das obras de escritores e escritoras galegos e galegas. - Lectura acompañada e comentada de diversos textos literarios en lingua galega, adecuados aos seus intereses e organizados en itinerarios lectores. - Estratexias básicas para a interpretación acompañada e compartida de obras, a través de conversacións literarias, participando na comunidade lectora escolar. - Valoración dos textos literarios da literatura en xeral e especialmente da literatura galega como vehículo de comunicación e recurso de lecer persoal. - Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas. - Os elementos constitutivos esenciais da obra literaria (tema, protagonista, personaxes secundarios). - Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación. - Recoñecemento das distintas clases de palabras (substantivo, verbo, adxectivo, pronomes, artigos). Características e uso de cada clase de palabra. - Procedementos elementais de adquisición de vocabulario galego. Semellanzas e diferenzas de forma e significado entre palabras da mesma familia léxica ou semántica.

UD	Título da UD	Duración
11	RESPECTA OS ANIMAIS	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais diversos, valorando a información máis relevante.	Comprender o sentido global de textos orais identificando a idea principal e respondendo preguntas sobre o mesmo.	PE	60
CA5.8 - Recoñecer recursos básicos da linguaxe literaria.	Recoñer recursos literarios como a personificación e a esaxeración empregándoos para facer máis fermosa e expresiva a lingua.		
CA6.5.8. - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais (os verbos e/ou tempos verbais) e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Identificar os verbos, as súas persoas gramaticais e conxugacións empregándoos correctamente nas súas elaboracións libres ou dirixidas. Identificar algunhas palabras que se escriben con v asociando tamén todas as palabras dos verbos ver, volver, vir e vivir como palabras que sempre se escriben con v		
CA6.6 - Progresar na adquisición de vocabulario galego a través dos textos.	Afianzar e ampliar o vocabulario referente aos animais utilizándoo nas súas elaboracións. Saber o que é un campo semántico construindo e identificando varios campos semánticos distintos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas de todo tipo valorándoa e apreciándoa.	TI	40
CA2.5 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias elementais de escoita activa e respectando as normas básicas da cortesía lingüística.	Participa conversacións reguladas e espontáneas, respecta o turno de palabra, escoita aos compañeiros e fala cun tono de voz axeitado. Expresa se está de acordo ou non cos argumentos aportados polos compañeiros/as.		
CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación de mellora e o gusto pola lectura.	Planifica a lectura e de maneira fluida, cunha entonación axeitada ao texto que está lendo e respectando os signos de puntuación.		
CA3.6.1. - Presentar os seus escritos seguindo as pautas establecidas polo mestre/a (ordenados, limpos, sen faltas de ortografía, con boa caligrafía, respectando as marxes,...)	Producir textos escritos seguindo as pautas dadas polo mestre/a en canto a orde, distribución dosespazos, data e títulos, empregando unha ortografía correcta, boa caligrafía e acabándoos no tempo estipulado.		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita..	Acadar destrezas e competencias lingüísticas usando a lingua escrita para expresarse.		
CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios do uso da lingua galega identificando os diferentes abusos de poder.		
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura, participando, de forma acompañada ou autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Compartir de maneira oral as experiencias de lectura participando en comunidades lectoras.	Baleiro	0
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, en lingua galega, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e iniciándose, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.			
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas, tendo unha perspectiva de xénero.

Contidos

- Contexto
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución oral de textos en lingua galega.
- Procesos: interacción oral
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión global e específica e identificación das ideas máis relevantes de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (gravacións, medios de comunicación, escoita oral de contos infantís).
- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que incidan no significado da mensaxe que se quere transmitir.
- Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel, que estimulen intereses e gustos.
- Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe (escoitar e preguntar) e para a identificación e interpretación do sentido global de textos orais e multimodais sinxelos.
- Procesos: produción oral.
- Produción de textos orais sinxelos de diferente tipoloxía. Pronuncia e entoación adecuadas, atendendo á particularidade fonética da lingua galega.
- Contexto
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Elementos básicos de contido (tema, léxico) e forma (estrutura, título, imaxes).
- Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución de textos escritos, en lingua galega.
- Procesos: comprensión lectora.
- Valoración e aprecio da lectura, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Coñecemento da organización e funcionamento das bibliotecas da aula, do centro e das virtuais e participación nas actividades organizadas. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos con textos propios da literatura galega.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.
- Procesos: produción escrita
- Aplicación das normas ortográficas básicas adecuadas ao seu desenvolvemento cognitivo e cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación.
- Modelos e estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión de textos escritos sinxelos, en diferentes soportes (incluídos os dixitais), con distintos propósitos comunicativos.
- Produción de textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes e con presentación coidada, utilizando en cada situación o modelo discursivo que corresponda.
- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita en lingua galega e a elaboración de textos.

Contidos

- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita das compañeiras e os compañeiros.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Modelos explícitos para reelaborar a información.
- Comunicación creativa do coñecemento, con respecto pola propiedade intelectual das obras de escritores e escritoras galegos e galegas.
- Colaboración en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias lectoras compartidas.
- Valoración dos textos literarios da literatura en xeral e especialmente da literatura galega como vehículo de comunicación e recurso de lecer persoal.
- Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.
- Os elementos constitutivos esenciais da obra literaria (tema, protagonista, personaxes secundarios).
- Análise guiada dos recursos expresivos elementais e os seus efectos na recepción do texto.
- Identificación de xeito acompañado de recursos literarios básicos.
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras (substantivo, verbo, adxectivo, pronomes, artigos). Características e uso de cada clase de palabra.
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario galego. Semellanzas e diferenzas de forma e significado entre palabras da mesma familia léxica ou semántica.

UD	Título da UD	Duración
12	A XOGAR!	10

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido.	Escoitar historias e extraer a súa idea principal respondendo a preguntas de maneira correcta.	PE	60
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Busca e selecciona información de distintas fontes para escribir, completar textos ou responder a preguntas sinxelas.		
CA5.7 - Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados.	Escribir textos sinxelos seguindo un modelo dado.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.5.8. - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais (os verbos e/ou tempos verbais) e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Identificar o tempo verbal (pasado, presente e futuro) usándoos correctamente segundo o tempo no que sucedeu a acción. Conxugar verbos rematados en -aba, -abas, -aba, -abamos, -abades, -aban escribíndoos sempre con b.		
CA6.6 - Progresar na adquisición de vocabulario galego a través dos textos.	Identificar e ampliar vocabulario referente a xoguetes e xogos usándoo na vida cotiá. Coñecer algunhas frases feitas entendendo o seu significado e usándoas a diario		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Usar a linguaxe de maneira respectuosa coas diferenzas persoais, custurais e de xénero valorando as diferenzas interpersoais.		
CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación de mellora e o gusto pola lectura.	Planificar a lectura e ler de maneira fluida,entonando e respectando os signos de puntuación. Recitar trabalinguas xogando coa lingua e sen confundirse.	TI	40
CA3.6.1. - Presentar os seus escritos seguindo as pautas establecidas polo mestre/a (ordenados, limpos, sen faltas de ortografía, con boa caligrafía, respectando as marxes,...)	Producir textos escritos seguindo as pautas dadas polo mestre/a en canto a orde, distribución dosespazos, data e títulos, empregando unha ortografía correcta, boa caligrafía e acabándoos no tempo estipulado.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e de centro para localizar libros axeitados ao seu gusto persoal e intereses.	Utilizar a biblioteca de aula como lugar onde localizar libros axeitados ao gusto de interés.		
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, en lingua galega, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e iniciándose, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.		Baleiro	0
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas, tendo unha perspectiva de xénero. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.

Contidos

- Xéneros discursivos
- Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución oral de textos en lingua galega.
- Procesos: interacción oral
- Interacción oral adecuada en situacións de aula, mobilizando estratexias básicas de cortesía lingüística e asertividade.
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión global e específica e identificación das ideas máis relevantes de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (gravacións, medios de comunicación, escoita oral de contos infantís).
- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que incidan no significado da mensaxe que se quere transmitir.
- Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel, que estimulen intereses e gustos.
- Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe (escoitar e preguntar) e para a identificación e interpretación do sentido global de textos orais e multimodais sinxelos.
- Procesos: produción oral.
- Produción de textos orais sinxelos de diferente tipoloxía. Pronuncia e entoación adecuadas, atendendo á particularidade fonética da lingua galega.
- Contexto
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Elementos básicos de contido (tema, léxico) e forma (estrutura, título, imaxes).
- Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución de textos escritos, en lingua galega.
- Procesos: comprensión lectora.
- Valoración e aprecio da lectura, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Coñecemento da organización e funcionamento das bibliotecas da aula, do centro e das virtuais e participación nas actividades organizadas. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos con textos propios da literatura galega.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.
- Procesos: produción escrita
- Aplicación das normas ortográficas básicas adecuadas ao seu desenvolvemento cognitivo e cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación.
- Modelos e estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión de textos escritos sinxelos, en diferentes soportes (incluídos os dixitais), con distintos propósitos comunicativos.
- Produción de textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes e con presentación coidada, utilizando en cada situación o modelo discursivo que corresponda.
- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión

Contidos

- escrita en lingua galega e a elaboración de textos.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita das compañeiras e os compañeiros.
- Estratexias básicas na procura guiada da localización, selección e contraste de información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.
- Modelos explícitos para reelaborar a información.
- Comunicación creativa do coñecemento, con respecto pola propiedade intelectual das obras de escritores e escritoras galegos e galegas.
- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro como fonte de información, aprendizaxe e lecer.
- Lectura acompañada e comentada de diversos textos literarios en lingua galega, adecuados aos seus intereses e organizados en itinerarios lectores.
- Valoración dos textos literarios da literatura en xeral e especialmente da literatura galega como vehículo de comunicación e recurso de lecer persoal.
- Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.
- Os elementos constitutivos esenciais da obra literaria (tema, protagonista, personaxes secundarios).
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras (substantivo, verbo, adxectivo, pronomes, artigos). Características e uso de cada clase de palabra.
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario galego. Semellanzas e diferenzas de forma e significado entre palabras da mesma familia léxica ou semántica.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Entendemos a metodoloxía didáctica como o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos formulados potenciando o desenvolvemento das competencias crave desde unha perspectiva transversal.

A metodoloxía didáctica deberá guiar os procesos de ensino-aprendizaxe de cada área, e daralles resposta a propostas pedagóxicas que consideren a atención á diversidade e o acceso de todo o alumnado á educación común. Así mesmo, empregaranse métodos que, partindo da perspectiva do profesorado como orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial no alumnado, se axusten ao nivel competencial inicial deste e que teñan en conta a atención á diversidade e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe mediante prácticas de traballo individual e cooperativo.

Os principios metodolóxicos da educación primaria vanse ver concretados nun abano amplo de escenarios e actividades que requirirán que o alumnado poña en xogo diferentes habilidades de pensamento, utilizando os mecanismos diversos de recepción da información e a súa posterior difusión, manexando unha ampla riqueza de recursos e espazos que facilitan transcender de aprendizaxes académicas a outras con maior impacto na súa vida persoal, familiar ou social a través de situacións auténticas ou retos, e todo iso afrontándoo de xeito individual e tamén a través da aprendizaxe cooperativa ou situacións de traballo en equipo.

Para iso, partiremos de situacións auténticas que xeren unha aprendizaxe aplicada máis alá do exclusivamente académico e que, ademais, xere aprendizaxes emocionantes e de transformación. Partirase dunha situación de aprendizaxe que provoque e motive, dándolle un sentido a cada tema desde un punto de vista funcional e de aplicación, xustificando así a necesidade de aprender uns coñecementos que logo se van aplicar, deixando aberta a posibilidade de que o alumnado achegue, por exemplo, a súa creatividade, tome decisións ou asuma roles durante o proceso.

Será unha aprendizaxe vivencial na que se facilita a participación directa e activa dos que interveñen, aplicando o que se está aprendendo en cada unha das seccións do tema a situacións onde se producen os problemas ou retos que hai que resolver. Desta forma, a aprendizaxe faise significativa por parte do alumnado porque pode experimentar, sentir, pensar e actuar ao mesmo tempo. Integra a investigación, sendo o libro e o material complementario dixital os primeiros recursos para a indagación e a busca de información.

Fomentárase especialmente unha metodoloxía centrada na actividade e na participación do alumnado, estimulando a reflexión e o pensamento crítico. As actividades e tarefas consideradas e suxeridas serán variadas, conterán propósitos e interrogantes para favorecer o desenvolvemento de estratexias de pensamento que lle permita ao alumnado adquirir os coñecementos e comprendelos para avanzar neles desde a súa análise e aplicación en contextos diversos, xerando aprendizaxes profundas transferibles a outras situacións do ámbito académico, persoal, familiar e social, formulando hipóteses, achegando valoración e xuízo crítico, e contribuíndo a crear coñecemento. A aprendizaxe debe desenvolver unha variedade de procesos cognitivos. O alumnado debe ser quen de poñer en práctica un amplo repertorio de procesos, tales como identificar, analizar, recoñecer, asociar, reflexionar, razoar, deducir, inducir, decidir, explicar, crear, etc., evitando que as situacións de aprendizaxe se centren tan só no desenvolvemento dalgun dos deles.

As estratexias para o desenvolvemento do pensamento (analítico, lóxico, crítico, creativo, eficaz e metacognitivo) serán as que nos axuden a aprender a pensar e as que melloren o dominio dos coñecementos, a súa aplicación e a súa transferencia. Estas estratexias desenvolven os procesos cognitivos e mostran un conxunto de pasos a seguir para orientar as formas de pensar segundo os xeitos de procesamento da información e o tipo de resposta requiridos. Estarán presentes en cada un dos temas de xeito explícito e intencionado en actividades que, de xeito natural, lle axudarán ao alumnado a facer conscientes os pasos necesarios dos que require para armar unha reflexión, facer unha proposta ou formular unha serie de dúbidas.

De igual forma potenciarase e facilitarase un proceso de reflexión do alumnado acerca das novas aprendizaxes e das relacións existentes entre eles. Deste xeito, o alumnado fará máis evidentes as aprendizaxes clave, así como as relacións entre estes novos coñecementos.

Outra das claves fundamentais a nivel metodolóxico é a presenza de actividades cooperativas, nas que o alumnado participará activamente no seu proceso de aprendizaxe, aplicando estratexias de negociación, consenso, mediación, empatía e asertividade, con responsabilidade compartida e axuda mutua co resto das compañeiras e compañeiros, maximizando as súas aprendizaxes e as do resto do grupo, xerando interdependencia positiva.

A estruturación da aprendizaxe de forma cooperativa, se se leva a cabo de xeito óptimo, crea un clima na aula que favorece a devandita aprendizaxe e posibilita conseguir mellores resultados escolares. Facilita a atención á diversidade, proporcionando estratexias e recursos para a xestión da heteroxeneidade na aula; o profesorado dispón de máis tempo para atender de forma individualizada, adecuándose aos ritmos e estilos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas; estes tamén contan coa axuda dos seus compañeiros e compañeiras, o que fai posible un modelo inclusivo dentro da aula, mellorando a calidade das interaccións dentro do grupo e cos mestres e coas mestras, propiciando que o clima da aula sexa máis positivo.

Este impulso, desde a aprendizaxe cooperativa, pretende tamén educar en valores como a solidariedade, a cooperación, a convivencia, o diálogo e o respecto á diferenza, dentro do contexto natural e non forzado do propio alumnado, no que adentra e pon en práctica as habilidades sociais e comunicativas.

Apostar pola cooperación supón fuxir de modelos baseados na competición onde só importa o reto e non o grupo. Tamén foxe da submisión, onde só importa a relación e non os retos que se propoñen. Apostar pola cooperación supón compartir uns retos en equipo, sendo ambas as dúas cuestións igualmente importantes para os nenos e as nenas, xa que a educación integral inclúe adquirir tamén competencias persoais e sociais, ademais de coñecementos.

Traballar as habilidades persoais e sociais require poñer o foco na educación emocional e facela presente tamén de xeito explícito e intencional nas actividades da aula. Isto significa que o alumnado ten que aprender unha serie de habilidades que contribúan a que a nivel intrapersoal identifique e recoñeza as emocións, regulándoas e xestionándoas, e a nivel interpersoal, a que adquira habilidades de relación coas persoas e a ter experiencias de satisfacción persoal.

A nivel metodolóxico tamén se considera o emprendemento como unha das claves de acordo co que a normativa vixente nos propón arredor desta competencia. Requirirá por parte do alumnado a capacidade de análise, planificación, organización, xestión e toma de decisións; capacidade de adaptación ao cambio e resolución de problemas; comunicación, presentación, representación e negociación efectivas; habilidade para traballar, tanto individualmente coma dentro dun equipo; participación, capacidade de liderado e delegación; pensamento crítico e sentido da responsabilidade; autoconfianza, avaliación e autoavaliación, xa que é esencial determinar os puntos fortes e débiles dun mesmo e dun proxecto, así como avaliar e asumir riscos cando estea xustificado (manexo da incerteza e asunción e xestión do risco). Tamén o desenvolvemento de actitudes e valores como a predisposición a actuar dunha forma creadora e imaxinativa; o autocoñecemento e a autoestima; a autonomía ou independencia, o interese e esforzo e o espírito emprendedor. Caracterízase pola iniciativa, pola proactividade e pola innovación, tanto na vida privada e social coma na profesional. Tamén está relacionada coa motivación e coa determinación á hora de cumprir os obxectivos, xa sexa persoais ou establecidos en común con outros, incluído o ámbito laboral.

Esta clave estará presente de xeito explícito e transversal nas actividades nas que teña que poñer en xogo as diferentes habilidades e destrezas asociadas co sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

O uso das TIC é outra das claves fundamentais contempladas a nivel metodolóxico, e non só para preparar o alumnado a saber facer dentro do contexto dixital, tamén para que entenda as TIC non como un fin en si mesmas, senón como un medio para a aprendizaxe e a comunicación (TAC: tecnoloxías da aprendizaxe e da comunicación) e para o empoderamento e a participación (TEP: tecnoloxías do empoderamento e da participación). Preténdese que o alumnado sexa o protagonista da súa aprendizaxe no contexto dixital, xere contidos, que os comparta, constrúa de xeito conxunto e vaia máis alá de ser un mero observador ou consumidor. Á súa vez preséntasenos outro reto, que é procurar que todos os alumnos e alumnas adquiran as capacidades necesarias para chegar a ser competentes no manexo dixital, formulando unha metodoloxía baseada en situacións da vida cotiá e ligando o coñecemento ás experiencias e á resolución de problemas. Poñerase especial fincapé nesta finalidade, entendendo a transversalidade das tecnoloxías como ferramenta fundamental para a adquisición do resto de competencias.

Con carácter xeral, a metodoloxía debe partir da perspectiva do profesorado como orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial no alumnado. Un dos elementos fundamentais na ensinanza por competencias é espertar e manter a motivación cara á aprendizaxe no alumnado, o que implica unha nova proposta do seu papel, máis activo e autónomo, consciente de ser o responsable da súa aprendizaxe, e, a tal fin, o profesorado ha de ser capaz de xerar nel a curiosidade e a necesidade por adquirir os coñecementos, as destrezas e as actitudes e os valores presentes nas competencias.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais
Recursos materiais
Recursos dixitais
Recursos espaciais

Neste apartado vaise a expoñer principalmente a selección dos materiais e recursos didácticos empregados. Os criterios de selección dos materiais curriculares que sexan adoptados polos equipos docentes, seguen un conxunto de criterios homoxéneos que proporcionan resposta efectiva ás formulacións xerais de intervención educativa.

Establécense oito criterios ou directrices xerais que perfilan a análise:

- Adecuación ao contexto educativo do centro.
- Correspondencia dos obxectivos promovidos cos enunciados no Proxecto educativo do centro.
- Coherencia dos contidos propostos cos obxectivos.
- A acertada progresión dos contidos e obxectivos, a súa correspondencia co nivel e a fidelidade á lóxica interna de

cada área.

-A adecuación aos criterios de avaliación do centro.

-A variedade das actividades, diferete tipoloxía e a súa potencialidade para a atención ás diferenzas individuais.

-A claridade e amenidade gráfica e expositiva.

-A existencia doutros recursos que facilitan a actividade educativa.

Atendendo a todos eles, establecemos unha serie de pautas concretas que dirixirán a nosa selección.

RECURSOS PERSOAIS: Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o E.O.E. e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes.

RECURSOS MATERIAIS: Son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e traballos. Entre os materiais pódense destacar: libro de texto, material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), (normal e, murais e láminas de apoio visual, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta, xogos didácticos,...

RECURSOS TECNOLÓXICOS: ordenadores, robots educativos, pizarras dixitais, proxectores, tablets, ...

RECURSOS DIXITAIS: entornos virtuais de aprendizaxe (EVA) ou aula virtual, enciclopedias online, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros dixitais, kahoot ou plickers para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

RECURSOS ESPACIAIS: a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, a aula de informática, así como os diversos espazos da contorna.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore alumnado unha vez comezado o curso ou ao inicio de cada unidade didáctica para coñecer os coñecementos previos do alumnos/as e saber así de onde temos que partir. Esta avaliación levarase a cabo mediante:

A principio de curso e cando cheguen alumnos/as novos/as realizaranse:

-Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información sobre os resultados académicos obtidos na materia e, de ser o caso, dos plans de reforzo.

-Recollerase información nas reunións coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar, ...

-Análise da información que aporten os titores de cursos anteriores.

- Avaliación das competencias e contidos a través de actividades como:

Pequenas probas orais e/ou escritas, a cales unha vez analizadas nos indicaran cal é o nivel do que parte o alumno/a.

Ao inicio de cada unidade:

Presentáraselles ao alumano os contidos que se van a traballar na unidade e estes terán que dicir e explicar coas súas propias palabras e poñendo exemplos o que saben sobre os distintos temas.

A partir desta avaliación tratarase de identificar se existen dificultades no grupo-clase ou en determinados alumnos para a elaboración das medidas oportunas tanto a nivel colectivo como individual.

O equipo docente, como consecuencia do resultado da avaliación inicial, adoptará as medidas pertinentes de apoio, ampliación, reforzo ou recuperación para aqueles alumnos e alumnas que o precisen ou de adaptación curricular para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Para iso, é conveniente iniciar o curso con actividades para activar no alumnado os coñecementos e destrezas traballados con anterioridade, traballando os aspectos fundamentais que o alumnado debería coñecer ata o momento. De igual xeito, débense propoñer actividades abondo que nos permitan coñecer realmente as destrezas e os coñecementos que posúen os alumnos e as alumnas de cada grupo, co fin de abordar o proceso educativo realizando os axustes pertinentes ás necesidades e características tanto de grupo coma individuais para cada alumno ou alumna, de acordo co establecido no marco do Plan de Atención á Diversidade.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	9	9	9	9	8	8	8	8	8	8
Proba escrita	60	60	60	60	60	60	60	60	60	60
Táboa de indicadores	40	40	40	40	40	40	40	40	40	40

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	100
Proba escrita	60	60	60
Táboa de indicadores	40	40	40

Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno de campo, resumos, esquemas, mapas conceptuais e probas obxectivas. Os cales terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación. As probas escritas poderán ser cambiadas ou complementadas por traballos de investigación sobre os contidos estudados no tema.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos (acabalos e entregalos en tempo), ademais do traballo no caderno de clase tendo en conta a realización de todas as actividades, a súa presentación limpa e ordenada, a ortografía, a caligrafía e o respecto das marxes e distribución dos espazos,

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula:

SUMA DA NOTA DE TODAS AS UNIDADES AVALIADAS NO TRIMESTRE/ENTRE O Nº DE UNIDADES AVALIADAS

Para o cálculo da nota de cada unidade, utilizaranse as seguintes porcentaxes:

Probas escritas: 60%. Táboas de indicadores 40%.

A cualificación da avaliación final da materia será a correspondente á terceira avaliación.

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

Cando falamos de avaliación, o primeiro que se nos ven á cabeza é a avaliación do alumnado, mais non adoitamos ter en consideración a propia práctica docente. O propio Decreto que establece o currículo, no seu artigo 21 de avaliación e promoción, e a orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación, recollen a necesidade de establecer indicadores de logro para avaliar os procesos de ensino e a súa propia práctica docente nas programacións didácticas. A información para avaliar todos estes items estará recollida no diario de sesións e no

registro anecdótico de cada unha das Unidades Didácticas.

Neste apartado preténdese promover a reflexión da práctica docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento da programación didáctica. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que permitan avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

Os items relacionados preséntanse en táboas que conteñen unhas casiñas numeradas do 1 ao 5 para valorar o grao de consecución de cada un deles. A continuación analizaranse nunha posta en común do profesorado do nivel ao remate de cada avaliación . Este proceso permitirá unha reflexión sobre a nosa práctica docente e posibilitará a introdución das medidas correctoras necesarias para a mellora do proceso de ensino.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS ao finalizar cada unidade didáctica. Ademais, hai que destacar a utilización do diario de clase para o seguimento da actividade lectiva, xa que esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación. As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

Centraremos a revisión, avaliación e seguimento da programación atendendo ós seguintes aspectos:

-Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.

-O equipo docente que imparte a materia no mesmo nivel, coordinarase e analizará regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso.

-Realizarase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15011336	CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao	Ordes	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Música e danza	3º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	20

1. Introducción

Durante o curso 2023-24 recibirán clase de Música e Danza 56 alumnos e alumnas de 3º nivel de Educación Primaria.

A programación de aula concreta os obxectivos, contidos e criterios de avaliación enmarcados no Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e o seu obxectivo é desenvolver e adaptar á realidade deste centro os preceptos neste recollidos.

A materia de Música e Danza na Educación Primaria preséntase en catro bloques de contidos que se traballan de xeito globalizado nas actividades a realizar nas sesións semanais:

- Educación musical :percepción e análise
- Educación musical: creación e interpretación
- Educación en artes escénicas e performativas: percepción e análise.
- Educación en artes escénicas e performativas: creación e interpretación.

No centro conflúen alumnos procedentes do núcleo urbano da vila de Ordes e alumnado pertencente ás zonas rurais das distintas parroquias do Concello. Tamén contamos cun importante número de alumnos e alumnas inmigrantes: marroquís, venezolanos, brasileiros e colombianos principalmente. Farase especial fincapé no traballo das diferentes manifestacións artísticas musicais e da danza do mundo como fonte de variedade e riqueza cultural, artística e social, con especial relevancia daquelas procedentes das rexións e/ou países do alumnado inmigrante, de sorte que esta materia exerza de axente solidario e cohesionador social.

Cada unha das 4 Unidades Didácticas (UD) que conforman esta PD está concibida para inculcarlle ao alumnado a importancia de que o relevante non é o bonito ou feo que sexa o traballo realizado ou o seu valor artístico, senón que este sexa quen de adquirir técnicas e procedementos acordes á súa idade. A tal fin, a capacidade perceptiva, a observación, a habilidade manual e motriz e a sensibilidade ante calquera manifestación musical ou da danza debe ser potenciada. Daremos especial importancia a dotar dunhas técnicas axeitadas para que o alumnado saiba expresarse mediante a música e o corpo como outros medios de expresión e comunicación.

Esta PD está planificada de xeito que 3 das UD teñen unha temporalización de carácter trimestral, mentres que a 4ª UD viaxará o longo de todo o curso ao aparecer nos 3 trimestres, complementando as anteriores.

Ao mesmo tempo, co comezo deste nivel comeza o 2º ciclo, que procura que o alumnado deste centro mellore na súa autonomía ao longo deste, especialmente nas súas producións artísticas. Así pois, búscase tamén que o alumnado continúe o afianzamento dos contidos traballados no 1º ciclo anterior, especialmente no 1º trimestre, por un lado, e que experimente unha progresión destes e comece a adquisición doutros novos, polo outro.

O feito de ter unha soa sesión semanal de música implica que realice a programación anual de aula de xeito trimestral. Son moitas as ocasións en que o horario e as actividades programadas semanalmente vense alteradas ou modificadas por mor doutras actividades que realizan no centro os diferentes grupos: saídas didácticas, encontros con autores na biblioteca, asistencia a concertos musicais, conmemoracións, celebracións escolares...

Ao longo do curso deseñaranse diferentes actividades de aprendizaxe segundo os contidos a traballar en cada trimestre, adaptándoas, sempre que sexa posible, ás actividades propostas para cada nivel nas diferentes titorías e na programación xeral do centro, prestando especial atención a todas as propostas chegadas dende os equipos de Biblioteca, EDNL e EACE.

Os aspectos comentados nos parágrafos anteriores implican que a programación de aula será dinámica e versátil realizando as modificacións necesarias en función das necesidades do alumnado e a planificación do Centro.

O blog da aula de música Zumzum continuará coa súa labor informativa e dinamizadora das diversas actividades de aprendizaxe e co blog Caixa de xogos seguiremos traballando contidos específicos da materia.

No centro imparte clase de música en Educación Infantil outro profesor que comparte co alumnado de primaria materiais e aula.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas.								2-4
OBX3 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1	4	3		1-2
OBX4 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1			2	1-5	2	1	3-4
OBX5 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1-5	3	3			2	1-3	3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O outono	Esta UD pretende, por un lado, repasar e afianzar os contidos de 2º primaria retomando a dinámica e rutina de traballo, a responsabilidade e coidado do material, etc., e, polo outro, seguir desenvolvendo a	20	7	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O outono	recepción activa e a vivencia de diferentes elementos da música e da danza . As conmemoracións do Magosto, Samaín e Nadal cobrarán especial relevancia.	20	7	X		
2	O inverno	Esta UD2 prosigue o traballado na UD1, reforzando e ampliando paulatinamente os elementos da música e da danza, . O Día da Paz, a Candeloria, o día de Rosalía, o Entroido e o Día Internacional da Muller traballaranse de xeito máis destacado.	20	6		X	
3	A primavera	A UD3 desenvolve un pouquiño máis os elementos de contidos das UD1 e UD2, mais o seu propósito será, fundamentalmente, afianzar os xa traballados.Os Maíos e As Letras Galegas serán de especial relevancia.	20	6			X
4	Músicas e danzas do mundo	Esta UD profundiza nas músicas e danzas doutras rexións e países: a visualización e valoración destas, así como a interpretación dunha coidada selección das mesmas, con especial fincapé daquelas procedentes das mesmas zonas co alumnado inmigrante. O traballo en grupo e grande grupo será o predominante, procurando unha participación activa do alumnado.	40	16	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O outono	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Representa con grafía convencional e non convencional son: rápido e curto; forte e piano; cresc. e dim.; agudo e grave e pulso con e sen acento. Asocia o son dalgúns instrumentos e/ou voces ao debuxo correspondente.	PE	30
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Discrimina pezas musicais de diferentes xéneros e estilos . Descubre obras cultas e tradicionais relacionadas co outono e o nadal	TI	70
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto e cumpre as normas elementais de comportamento na recepción de propostas artísticas musicais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Utilizar elementos básicos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Interpreta combinacións rítmicas de 8 pulsos, con grafías non convencionais, de sons fortes e pianos, outras de sons longos e curtos e outras de sons agudos e graves.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Participa activamente e con interese nas actividades musicais propostas.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación elemental de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais. - A voz e os instrumentos musicais. Principais agrupacións e familias. Identificación visual e auditiva. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado. - O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario e ternario en fragmentos e pezas musicais seleccionadas. - Vocabulario específico de uso común en música. - Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. - Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos básicos na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. Recoñecemento e utilización do silencio na interpretación musical. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. - Estratexias básicas de recepción activa. - Manifestacións básicas vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. - Vocabulario específico de uso común nas artes escénicas e performativas. - Aproximación aos elementos básicos da representación escénica. Roles, materiais e espazos.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante - O corpo e as súas posibilidades motrices e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral, como medio de expre - Técnicas básicas dramáticas e dancísticas de uso común. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Linguaxes expresivas básicas. Actos performativos elementais. Improvisación guiada. Interese, práctica e confianza nun mesmo. - Capacidades expresivas e creativas de uso común da expresión corporal e dramática. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática

UD	Título da UD	Duración
2	O inverno	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas musicais, explorándoas con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Descobre diferentes mostras musicais e identifica as principais profesións vinculadas coa música.	PE	30
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Identifica visualmente e representa: negra, branca (e silencios), dobre corchea, barra divisoria e dobre barra final, clave de sol e compás 2/4 e 3/4 (discriminando estes pola acentuación do pulso).		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto e cumpre as normas elementais de comportamento na recepción de propostas artísticas musicais.	TI	70
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas musicais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa oralmente ou por escrito, os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación de obras musicais.		
CA2.3 - Utilizar elementos básicos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Le e interpreta liñas rítmicas de ata 4 compases de 2/4 e 3 compases de 3/4 (figuras: negra, silencio de negra e dobre corchea). Interpreta pezas breves coa fruta (notas si, la sol)		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais.		
CA3.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación escénica e performativa, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Descobre diferentes manifestacións escénicas e identifica as principais profesións vinculadas con elas.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - Principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical. - O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación elemental de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais. - A voz e os instrumentos musicais. Principais agrupacións e familias. Identificación visual e auditiva. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado. - O tempo, o carácter e a dinámica: identificación dos máis característicos. - Estratexias básicas de análises de propostas musicais desde unha perspectiva de xénero. - Vocabulario específico de uso común en música. - Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. - Construción elemental guiada de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe, e exploración das súas posibilidades sonoras. - Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos básicos na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. Recoñecemento e utilización do silencio na interpretación musical. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O

Contidos

- silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.
- Estratexias básicas de recepción activa.
- Manifestacións básicas vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas escénicas e performativas desde unha perspectiva de xénero.
- Vocabulario específico de uso común nas artes escénicas e performativas.
- Principais profesións vinculadas ás artes escénicas e performativas. Recoñecemento básico.
- Aproximación aos elementos básicos da representación escénica. Roles, materiais e espazos.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante
- O corpo e as súas posibilidades motrices e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral, como medio de expre
- Técnicas básicas dramáticas e dancísticas de uso común. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Linguaxes expresivas básicas. Actos performativos elementais. Improvisación guiada. Interese, práctica e confianza nun mesmo.
- Capacidades expresivas e creativas de uso común da expresión corporal e dramática.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática

UD	Título da UD	Duración
3	A primavera	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Identifica visualmente e representa no pentagrama: notas do, re, mi, fa, sol, la, si e do agudo. Realiza ditados de 8 pulsos: rítmicos (negra, silencio negra e dobre corchea) e melódicos (mi e sol).	PE	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto e cumpre coas normas elementais de comportamento na recepción de propostas artísticas musicais.	TI	80
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Elabora algún instrumento con materiais sinxelos da súa contorna, de refugallo e/ou de reciclaxe. Toca na fruta as notas mi, fa, sol, la, si		
CA2.3 - Utilizar elementos básicos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Le e entoa unha partitura de ata 4 compases de 2/4 ou 3 de 3/4 (notas: do, mi e sol; figuras: negra, silencio de negra e branca). Interpreta pezas breves coa fruta (notas si, la, sol, mi)		
CA2.5 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe musical e diferentes técnicas artísticas.	Experimenta en grupo con instrumentos e obxectos sonoros, incluíndo de refugallo e/ou reciclaxe, que poden servir para expresar emocións ou potenciar a súa representación.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto e cumpre coas normas elementais de comportamento na recepción de propostas artísticas musicais.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto e cumpre coas normas elementais de comportamento na recepción de propostas artísticas musicais.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, e mostrando confianza nas capacidades propias.	Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa en grupo na creación e interpretación dunha coreografía cuxos pasos se reflectan nun traballo.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación elemental de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais.

Contidos

- A voz e os instrumentos musicais. Principais agrupacións e familias. Identificación visual e auditiva. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.
- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.
- Vocabulario específico de uso común en música.
- Recursos dixitais de uso común para música.
- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.
- Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural.
- Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos básicos na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. Recoñecemento e utilización do silencio na interpretación musical.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.
- Estratexias básicas de recepción activa.
- Manifestacións básicas vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.
- Vocabulario específico de uso común nas artes escénicas e performativas.
- Recursos dixitais de uso común para as artes escénicas e performativas.
- Aproximación aos elementos básicos da representación escénica. Roles, materiais e espazos.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante
- O corpo e as súas posibilidades motrices e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral, como medio de expre
- Técnicas básicas dramáticas e dancísticas de uso común. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Linguaxes expresivas básicas. Actos performativos elementais. Improvisación guiada. Interese, práctica e confianza nun mesmo.
- Capacidades expresivas e creativas de uso común da expresión corporal e dramática.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática

UD	Título da UD	Duración
4	Músicas e danzas do mundo	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Participa nun traballo grupal sobre música e danza galega tradicional.		
CA1.5 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Comparte sensacións producidas ante as manifestacións culturais e artísticas musicais propostas identificando algunha diferenza e similitude entre elas.		
CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas musicais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa en grupo na creación dunha pequena partitura de grafía non convencional orixinal, e que conteña algúns dos elementos traballados no curso, para ser explicada e interpretada ao resto.		
CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Comparte experiencias creativas musicais realizadas explicando parte do proceso e o final obtido.		
CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre diferentes danzas e bailes mostrando interese polo lugar de procedencia.		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Participa nun traballo grupal sobre música e danza galega tradicional.	TI	100
CA3.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Comparte sensacións producidas ante as manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas propostas identificando diferenzas e similitudes entre elas.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto e cumpre coas normas elementais de comportamento nas propostas musicais		
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa, verbalmente e por escrito, os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación de pequenas coreografías seleccionadas.		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da expresión corporal e diferentes técnicas artísticas.	Participa en grupo na sonorización e dramatización dun conto.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas escénicas e performativas, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Participa activamente nas experiencias creativas realizadas explicando parte do proceso e o final obtido.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto e cumpre coas normas elementais de comportamento nas propostas musicais		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. - Vocabulario específico de uso común en música. - Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. - Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos básicos na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. Recoñecemento e utilización do silencio na interpretación musical. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. - Estratexias básicas de recepción activa. - Manifestacións básicas vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. - Vocabulario específico de uso común nas artes escénicas e performativas. - Aproximación aos elementos básicos da representación escénica. Roles, materiais e espazos. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante - O corpo e as súas posibilidades motrices e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral, como medio de expre - Técnicas básicas dramáticas e dancísticas de uso común. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Linguaxes expresivas básicas. Actos performativos elementais. Improvisación guiada. Interese, práctica e confianza nun mesmo. - Capacidades expresivas e creativas de uso común da expresión corporal e dramática. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.

Contidos

- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática

4.1. Concrecións metodolóxicas

As liñas de acción metodolóxicas a seguir son:

- Un carácter integrador do proceso de ensinanza - aprendizaxe que provoca o tratamento interrelacionado non só dos contidos que agrupa a área de Música e Danza, senón tamén cos contidos do resto das áreas: interdisciplinariade.
- A dinámica de actividade e participación, atendendo á propia natureza dos obxectivos e contidos propostos. Consideraranse as actividades como valor esencial na aprendizaxe básica da música, favorecendo o desenvolvemento daquelas situacións que darán lugar á percepción, expresión, reflexión e intercambio de ideas.
- A motivación, á que se lle dedicará especial atención.
- A importancia do traballo autónomo que se verá reflexada na lectoescritura musical e as súas aprendizaxes básicas e na interpretación oral e instrumental.
- Con respecto á audición e linguaxe musical, a escoita será necesariamente activa para comprender e diferenciar as organizacións básicas do son (melodía / ritmo), os conceptos musicais básicos, os diferentes timbres e instrumentos
- A expresión vocal das capacidades do aparato fonador traballaranse a partir da consciencia do propio corpo, da relaxación muscular, da respiración e da articulación.
- A expresión instrumental comezará pola percusión corporal, para continuar cos instrumentos da aula (PAI, PAD, instrumentos construídos). A frauta será un elemento de mellora da coordinación díxito -manual, respiración, ritmo e pertenza ó grupo.
- Sobre o ritmo e o movemento, as capacidades perceptivo - motoras partirán da expresión corporal e da estruturación do espazo e do tempo; o movemento corporal empregárase como recurso mediador da linguaxe musical.

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais e dos obxectivos da etapa. A UD4, ao estar en cada un dos 3 trimestres, non está concibida para ser levada a cabo anterior ou posteriormente de xeito estrito ás UD1, UD2 e UD3, respectivamente; de feito, o seu desenvolvemento está pensado para ser non só intercalado ao longo do resto das UD, senón incluso na mesma sesión, de xeito que aporte unha dinámica variada e flexible tanto á persoa docente, por un lado, como para o enriquecemento do alumnado, polo outro.

Na educación Musical existen distintas opcións metodolóxicas especialmente interesantes, incidindo cada unha delas nalgún compoñente específico e imprescindible para a formación artística integral. Aproveitaremos todas aquelas achegas de cada unha delas que consideremos de maior utilidade e máis axeitadas. O que si é común a todas elas é o feito de que a aprendizaxe se produce por medio da acción e a experiencia, e que na materia Música e Danza antes de teorizar sobre a música, se viva e se sinta por medio do corpo: audicións, movementos, cantando, tocando ou improvisando música.

Dada a casuística da materia no tocante á cantidade de sesións desta -1 sesión semanal- o número total destas por curso adoita ser unhas 35. Para a optimización da súa impartición, empregárase como recurso o blog de aula así como a Aula Virtual do grupo clase dende o alumnado poderá acceder a:

- recursos dixitais empregados na clase e/ou para levar a cabo tarefas encomendadas
- vídeos de interpretación (voz, instrumentos e/ou danza) para aprendizaxe e/ou repaso
- ligazóns de interese relacionadas coa materia
- outras que poidan ir xurdindo ao longo do curso

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Instrumentos de percusión de altura indeterminada (PAI) e de percusión de altura determinada (PAD)
Encerado dixital , pizarra pautada, atril de partituras
Ordenador con diferentes aplicacións e programas de software libre (Plan Dixital): reprodución audio e vídeo, editor de partituras, gravación, etc.
Altofalantes. Mesa de mesturas. Reprodutor de DVD. Proxector
Piano electrónico, batería, frauta doce e guitarra
Biblioteca de aula. Discoteca con gravacións de distintas épocas, culturas, contos musicais e outro material sonoro.
Páxina web do centro: sección Aula de Música e Danza/Aula Virtual. Blog de aula
Selección de gravacións de clips musicais, películas, curtas, debuxos animados e outros recursos recompilados da Internet.
Cartolinas, lapis de cores, folios, caderno
Colchonetas, pelotas de tenis, plumeiros, panos, teas
Murais de instrumentos e musicogramas
Xogos musicais: naipes, dominós, taboleiros de xogos...
Material de atrezzo, e disfraces: sombreiros, abanicos, máscaras...

O CEIP Castelao conta cun aula de Música propia situada na planta baixa do centro. É un aula espazosa, con estantes nas paredes e banquiños para sentarse nun lateral. Ao non ter mesas nen cadeiras dispón dun espazo amplo para realizar as actividades de danza e expresión corporal. O chan está recuberto con tarima de madeira o que nos permite realizar descalzos algunhas actividades.

Contamos con variados e suficientes instrumentos PAI e PAD, así como cun teclado , unha batería e dúas guitarras..

A pizarra dixital e o ordenador de aula non son novos e teñen deficiencias pero están conectados a unha mesa de mesturas que á súa vez conecta cuns autofalantes que ofrecen un bo son para a realización de todas as actividades.

O alumnado deberá traer e facerse responsable do seu material e a limpeza deste (fauta, caderno e calcetíns).

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Tendo en conta que o alumnado de terceiro nivel e a profesora que imparte a materia xa se coñecen despois de traballar xuntos nos dous cursos anteriores a avaliación inicial realizarase nas dúas primeiras sesións de setembro, lembrando o traballado nos dous cursos anteriores.

Para realizar esta avaliación executaremos unha selección específica de xogos, exercicios, cancións ou danzas que traballen os aspectos vocal, corporal e motriz realizados nos cursos anteriores e que mediante a observación directa nos indicarán o punto de partida do grupo clase.

Coordinaremos tamén unha reunión co titor ou titora para coñecer se hai alumnado de nova incorporación ou se hai algún alumno ou alumna que presente un diagnóstico co que haxa que aplicar algún protocolo específico.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	20	20	40	100
Proba escrita	30	30	20	0	16
Táboa de indicadores	70	70	80	100	84

Criterios de cualificación:

A meirande parte dos CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación.

A nota trimestral, no tocante o que ás UD se refire, será a seguinte:

- 1º trim.: UD1 60% + UD4 40%
- 2º trim.: UD2 60% + UD4 40%
- 3º trim.: UD3 60% + UD4 40%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

- 1º trim. 20%
- 2º trim. 30%
- 3º trim. 50%

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, for un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

- se o decimal está entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.
- se o decimal está entre 5 e 99 o numero enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os mínimos de consecución de cada CA ó final de cada UD poderá recuperalos no trimestre seguinte xa que tanto os contidos da materia como a metodoloxía a seguir implican unha avaliación continua: na UD3 recóllense e amplían contidos das unidades UD1 e UD2 e a UD4 trabállase en todos os trimestres.

No caso no que o alumno ou alumna non obteña unha cualificación positiva ao final do trimestre porase en coñecemento tanto do alumno/a como da familia e do profesor/a titor/a os motivos polos que non se acada e os pasos a seguir para mellorar.

6. Medidas de atención á diversidade

Neste aspecto seguiranse ás indicacións do Departamento de Orientación, as Titorías e a CCP, cunha atención individualizada e específica nos casos que o precisen.

Durante o mes de setembro os profesores titores informarán ao especialista de música sobre todas aquelas cuestións que consideren relevantes do seu alumnado para poder adaptar as actividades, no caso de ser necesario, ás particularidades de cada alumno.

Na área de Música e Danza, a atención á diversidade é fundamental, xa que un dos procedementos nos que se basea o ensino (práctica vocal, instrumental e corporal) leva consigo un importante porcentaxe de aptitude. Ademais o desenvolvemento das actividades na aula de música provocan a organización do alumnado e os agrupamentos dispares para a realización de diversas tarefas (de creatividade, de improvisación, coreografías, práctica instrumental ou vocal...) na procura da inclusión deste alumnado con dificultades no seo dun grupo buscando o equilibrio necesario.

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas.

No caso de alumnado con altas capacidades ampliáranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe.

Alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua, tanto de incorporación ao inicio como ao longo do curso: solicitarase levar a cabo a valoración polo Departamento de Orientación para determinar o nivel curricular. Establecerase Reforzo Educativo, para o cal non se precisa necesariamente intervención do DO; traballarase máis na comunicación a través de imaxes e no aspecto da recepción e na vivencia musical e da danza, de xeito que se faga fincapé na integración e inclusión deste tipo de alumnado co resto da clase.

Dependendo da casuística do alumnado cómpre ter en conta diferentes consideracións á hora de traballar, tales como: emprego de graffías de maior tamaño; priorización dalgunha das linguaxes e/ou formas de comunicación: oral, escrita, visual e/ou táctil; énfase no aspecto de índole globalizador, coordinación motriz, lateralidade e/ou psicomotricidade fina, etc.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X	X

Observacións:

A Música permite afrontar temática transversal dun xeito lúdico, motivador e completamente activo. Entendida deste xeito, os temas transversais forman parte do día a día, integrados no currículo coma un elemento máis da programación. En casos puntuais ou como resposta a situacións e/ou acontecementos concretos, programárase unha actuación específica.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Concerto didáctico	O alumnado de terceiro nivel asistirá no primeiro ou segundo trimestre a un concerto didáctico programado polo concello de Santiago	X	X	

Observacións:

